PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 342 | VIII lexislatura | 27 de outubro de 2010

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Corrección de erros na publicación do Ditame emitido pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias [08/PL-0016(41655)] 107031

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- 08/PNP-0839 (52642)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis
Sobre a construción do vial inicialmente proxectado para a conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 no concello de Cambre 107039

- 08/PNP-0840(52648)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad, e dous deputados máis
Sobre as actuacións para levar a cabo co obxecto de darlles seguridade xurídica e plenas garantías de funcionamento para o desempeño da súa actividade aos buques de pesca que por diversos motivos quedaron fóra do proceso de regularización das embarcacións 107042

- 08/PNP-0841(52674)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a execución do anexo II do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural 107045

- 08/PNP-0844(52759)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a paralización anunciada pola Consellería de Traballo e Benestar na atención aos dependentes en Galicia 107048

- 08/PNP-0845(52776)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad, e tres deputados máis
Sobre o restablecemento pola Xunta de Galicia do seguro colectivo de accidentes no mar 107051

- 08/PNP-0846(52877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante a situación da planta de tratamento de residuos sólidos urbanos da mancomunidade de concellos da Barbanza 107056

- 08/PNP-0848(52928)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre o mantemento do sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras tal como se viña desenvolvendo 107059

- 08/PNP-0849(52954)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e dous deputados máis
Sobre as medidas que debe promover o Goberno galego para regular o aproveitamento do monte para pasto 107062

- 08/PNP-0850(52967)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a situación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Eduardo Pondal, de Ponteceso 107064

- 08/PNP-0851(52969)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas de aforros galegas 107066

- 08/PNP-0852(52974)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis
Sobre as medidas que se deben adoptar para o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios 107069

Proposición non de lei en Pleno polo procedemento de urxencia

- 08/PNP-0856 (53065)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio, e sete deputados máis
Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central para que elabore un proxecto de lei da propiedade intelectual no que se elimine a compensación equitativa indiscriminada por copia privada, ou canon dixital 107072

4. Procedementos de información

4.2. Interpelacións

- 08/INT-0587(52653)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e Cajide Hervés, María del Carmen
Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos prazos de aprobación, da redacción e dos cambios normativos para unha nova lei de caza 107075

- 08/INT-0588(52654)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e tres deputados máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da supresión ou renovación do convenio con Renfe para o mantemento de determinados servizos ferroviarios de Galicia, as liñas de actuación previstas na materia e o financiamento no futuro de obras públicas ferroviarias 107077

- 08/INT-0589(52672)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre o estado de execución do anexo II do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural 107080

- 08/INT-0590(52712)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a realización dunha avaliación do actual Plan de Galicia sobre drogas, así como o contido e prazo de presentación dun novo plan 107083

- 08/INT-0591(52725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e catro deputados máis
Sobre as causas e consecuencias, nomeadamente no investimento público, do peche do exercicio orzamentario de 2010 dous meses e medio antes do seu remate 107086

- 08/INT-0592(52730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados máis
Sobre a xestión dos recursos piscícolas dos ríos galegos 107088

- 08/INT-0593(52775)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad, e tres deputados máis
Sobre a renuncia pola Xunta de Galicia ao asinamento do contrato do seguro colectivo de accidentes no mar 107091

- 08/INT-0594(52880)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a creación da figura de auxiliar de conversación 107096

- 08/INT-0595(52888)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación dos espazos incluídos na Rede Natura 2000, a creación de corredores ecolóxicos para a súa conexión e a súa conversión en activos económicos 107098

- 08/INT-0596(52901)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o incumprimento dos compromisos do Goberno galego relativos aos criterios de contratación de software 107100

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-1733 (52644)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis
Sobre as razóns da anulación do vial inicialmente proxectado para a conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 no concello de Cambre 107103

- 08/POP-1734(52651)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e tres deputados máis
Sobre os cambios normativos previstos polo Goberno galego coa aprobación dunha nova lei de caza 107105

- 08/POP-1735(52656)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier, e tres deputados máis
Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para a renovación do convenio con Renfe para o mantemento de determinados servizos ferroviarios 107107

- 08/POP-1737(52676)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a valoración da demora na execución do anexo II do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural 107110

- 08/POP-1738(52687)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis
Sobre as razóns da retirada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do coidador que atendía o alumnado con necesidades especiais do Colexio de Educación Infantil e Primaria Novo Arteixo 107112

- 08/POP-1739(52696)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados máis
Sobre as afirmacións do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria na sede parlamentaria respecto da actual localización no mosteiro de Celanova do instituto de ensinanza secundaria e o seu baseamento nun informe da comunidade educativa e da dirección do centro 107114

- 08/POP-1740(52715)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a presentación dun novo plan galego sobre drogas 107118

- 08/POP-1742(52727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e catro deputados máis

Sobre as consecuencias do peche do exercicio orzamentario de 2010 dous meses e medio antes do seu remate 107121

- 08/POP-1744(52769)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre os motivos da demora na execución das obras comprometidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o arranxo de cinco comedores escolares nos colexios públicos de Vigo 107123

- 08/POP-1746(52852)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a autovía Carballo-Berdoias 107125

- 08/POP-1747(52854)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Valcárcel Gómez, Marta, e tres deputados máis
Sobre o proxecto concreto que se vai levar a cabo na illa Fillaboa 107128

- 08/POP-1749(52874)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio, e sete deputados máis
Sobre as repercusións na promoción do Xacobeo da presenza de Santiago de Compostela e da súa catedral nas actividades do Museo Metropolitano de Arte de Nova York con motivo do Ano Santo 107130

- 08/POP-1750(52879)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e dous deputados máis
Sobre as accións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia ante a situación da planta de tratamento de residuos sólidos urbanos da mancomunidade de concellos da Barbanza 107132

- 08/POP-1751(52884)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as previsións respecto da inclusión, no programa de formación de auxiliares de conversa, do alumnado con lingua materna galega 107134

- 08/POP-1752(52896)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as afirmacións do Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa respecto da impartición do ciclo de formación profesional de instalacións electrotécnicas no Instituto de Ensinanza Secundaria de Curtis 107136

- 08/POP-1754(52904)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o incumprimento dos compromisos do Goberno galego relativos aos criterios de contratación de software 107138

- 08/POP-1755(52916)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis
Sobre o modelo de xestión escollido polo actual Goberno galego para o Centro Souto de Leixa de Ferrol 107141

- 08/POP-1756(52956)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre as medidas que está a promover a Consellería do Medio Rural para regular o aproveitamento do monte para pasto 107143

- 08/POP-1757(52972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas de aforro galegas 107144

- 08/POP-1758(52981)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre o cumprimento polas VI Xornadas de convivencia escolar organizadas os días 22 e 23 de outubro de 2010 en Ourense dos requisitos establecidos para a súa homologación como formación do profesorado 107146

- 08/POP-1759(52991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre as previsións do Goberno galego para o mantemento dos actuais voos e destinos das liñas aéreas de baixo custo 107148

- 08/POP-1760(52992)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a xestión da Consellería de Cultura e Turismo en relación coas liñas aéreas de baixo custo 107150

- 08/POP-1761(52994)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal VI, A Mariña lucense 107152

- 08/POP-1762(52995)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal VII, A Fonsagrada-Os Ancares 107153

- 08/POP-1763(52996)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal VIII, Terra de Lemos 107155

- 08/POP-1764(52997)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal IX, Lugo-Sarria 107157

- 08/POP-1765(52998)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal X, A Terra Cha 107159

- 08/POP-1766(52999)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal I, Ferrol 107160

- 08/POP-1767(53000)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e Cobián Fernández de la Puente, Pablo
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal II, Bergantiños e as mariñas coruñesas 107162

- 08/POP-1768(53001)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal III, Santiago e a Meseta interior 107164

- 08/POP-1769(53002)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal IV, A Barbanza 107166

- 08/POP-1770(53003)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal V, Fisterra 107167

- 08/POP-1771(53024)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XI, O Ribeiro-Arenteiro 107168

- 08/POP-1772(53025)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XII, Miño-Arnoia 107170

- 08/POP-1773(53026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XIII, Valdeorras-Trives 107172

- 08/POP-1774(53027)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XIV, Verín-Viana 107174

- 08/POP-1775(53028)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XV, A Limia 107176

- 08/POP-1776(53029)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XVI, Deza-Tabeiros 107178

- 08/POP-1777(53030)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XVII, O Condado-A Paradanta 107179

- 08/POP-1778(53031)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XVIII, Vigo-Baixo Miño 107181

- 08/POP-1779(53032)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XIX, Caldas de Reis-O Salnés 107183

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Corrección de erros na publicación do Ditame emitido pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias [08/PL-0016(41655)]

Advertido un erro material de carácter administrativo na publicación do Ditame emitido pola Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias [08/PL-0016(41655)] no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, núm. 336, do 19 de outubro de 2010, procédes a súa corrección nos seguintes termos:

Na páx. 104838 e seguintes débese substituir o contido do texto articulado polo seguinte:

"Texto articulado

Exposición de motivos.

A actual crise económica ten como principais efectos unha caída da demanda e unha dificultade de acceso ao crédito, xa que esta crise se caracteriza por ter un importante compoñente financeiro. Esta situación provócalles unha meirande dificultade para o acceso a unha vivenda aos cidadáns. Asemade, e como consecuencia destes factores, o sector inmobiliario, que representa unha parte importante da economía e do emprego, está a sufrir en maior medida que outros sectores os efectos negativos desta recesión, e dentro do sector da construción estase a incrementar o desemprego de forma preocupante.

Para intentar contrarrestar estes efectos, o sector público debe adoptar medidas que contribúan a inxectar liquidez no mercado e a restaurar a confianza dos consumidores. Un instrumento importante de intervención do sector público na economía é a política fiscal. Como sinala o segundo parágrafo do artigo 2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria: «Os tributos, ademais de seren medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poderán servir como instrumentos da política económica xeral e atender a realización dos principios e fins contidos na Constitución.»

Nesta liña xa se aprobou a Lei galega 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial, que establece a redución dos tipos de gravame do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para as familias numerosas e os menores de trinta e seis anos, poñendo á disposición destes colectivos recursos co fin de facilitar o seu acceso á vivenda e ao crédito para ou seu financiamento, e ao mesmo tempo servir de estímulo para a reactivación do sector inmobiliario. Desde a entrada en vigor desa lei puxéronse de manifesto os seus efectos favorables, pois rexistrouse un incremento no número de adquisicións de vivendas polo colectivo ao que ía dirixida, por comparanza co mesmo período do ano anterior.

Co fin de incidir na liña iniciada coa Lei 4/2009, esta lei recolle, tamén con vixencia limitada, novas medidas fiscais para fomentar o acceso á vivenda, a súa rehabilitación e o seu financiamento. Estas medidas consisten na redución do tipo de gravame no imposto sobre actos xurídicos documentados nun 0,25 % para a primeira adquisición de vivenda habitual e para a constitución de préstamos hipotecarios para o seu financiamento, nunha redución dun 1 % do tipo de gravame no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas para a adquisición de vivendas usadas que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación e mais nunha dedución do 100 % da cota no imposto sobre actos xurídicos documentados para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual. Deste xeito lograrase reactivar tanto o mercado de vivendas coma o sector da rehabilitación, co conseguinte aumento das transaccións inmobiliarias, das contratacións de desempregados do sector da construción para os traballos de rehabilitación e, polo tanto, tamén dos ingresos impositivos derivados, tanto do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados coma do IVE.

Esta lei finaliza con dúas disposicións adicionais e tres derradeiras, nas que se recollen outras medidas tributarias co propósito de mellorar a eficacia da Administración tributaria e de aumentar a seguranza xurídica. Así, unifícanse nun só órgano, neste caso nos servizos de recadación, a competencia para acordar todos os supostos de aprazamentos e fraccionamentos previstos no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; unifícase o prazo para a solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos e o de presentación e ingreso no caso de autoliquidacións no imposto sobre sucesións e doazóns; unifícase o procedemento para a aplicación de presuncións no ámbito do imposto sobre sucesións e doazóns, e finalmente habilítase o Goberno para elaborar no prazo máximo dun ano un texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre os impostos cedidos, coa finalidade de eliminar a dispersión normativa existente e así contribuír a reforzar a seguranza xurídica.

As medidas enmárcanse dentro das competencias normativas que ás comunidades autónomas lles atribúen a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, respecto do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Esta última norma sinala non seu artigo 49, referido ao alcance das competencias normativas das comunidades autónomas, que estas poderán asumir competencias normativas sobre determinados tipos de gravame en relación coa modalidade 'Transmisións patrimoniais onerosas', entre outros no tipo de gravame na transmisión de bens inmobles, e en relación coa modalidade 'Actos xurídicos documentados' poderán regular o tipo de gravame e as deducións e bonificacións da cota dos documentos notariais.

Recadouse o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Artigo 1.Tipo de gravame aplicable no imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, á primeira adquisición de vivenda habitual e á constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento

1. (Suprimido.)

2. Nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual suxeita ao imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será do 0,50 %.

Artigo 2. Tipo de gravame aplicable no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas á adquisición de vivenda que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación

1. No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable á adquisición de vivendas que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación será do 6 %.

2. Para os efectos desta lei, son obras de rehabilitación de vivendas as que reúnan os requisitos establecidos no número 22.º.B) da alínea Un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, agás as obras destinadas á mellora e á adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios, que se considerarán como obras análogas.

3. Na escritura pública que documente a adquisición indicarase que a vivenda vai ser obxecto de inmediata rehabilitación. As obras de rehabilitación deberán ser rematadas nun prazo inferior a vinte e catro meses desde a data de devengo do imposto. Para estes efectos, no prazo dos trinta días posteriores á finalización dos vinte e catro meses, o suxeito pasivo deberá presentar perante a Administración tributaria a licenza de obras e as facturas derivadas da rehabilitación coa desagregación por partidas. O incumprimento desta obriga determinará a perda do dereito ao tipo reducido.

Artigo 3. Dedución do 100 % da cota do imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual

1. No imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, aplicarase unha dedución do 100 % da cota, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a operación se refira á constitución dun préstamo hipotecario.

b) Que a finalidade do préstamo sexa a cancelación doutro préstamo hipotecario destinado ao financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.

2. No caso de que o novo préstamo hipotecario sexa dunha contía superior á necesaria para a cancelación total do préstamo anterior, a porcentaxe de dedución aplicarase exclusivamente sobre a porción de cota que resulte de lle aplicar a aquela o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo.

Artigo 4. Concepto de vivenda

Para os efectos desta lei, entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas, e por vivenda habitual aquela que reúna os requisitos establecidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición adicional primeira.— Aprazamentos e fraccionamentos no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Os órganos competentes para acordar os aprazamentos e os fraccionamentos aos que se refiren os artigos 38 de la Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e 113 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 maio, serán aqueles que teñan atribuída a competencia para acordar os aprazamentos e os fraccionamentos previstos no Regulamento xeral de recadación. Estes aprazamentos e fraccionamentos deberanse solicitar no prazo de presentación da autoliquidación.

Disposición adicional segunda.— Procedemento para a aplicación de presuncións no imposto sobre sucesións e doazóns

O procedemento para a aplicación das presuncións sinaladas no artigo 11 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, será o establecido na alínea 3 do artigo 4 da mesma lei.

Disposición derradeira primeira.— Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e terá vixencia deica o 31 de decembro do 2011, inclusive, agás as disposicións adicionais, que terán vixencia indefinida.

Disposición derradeira segunda.— Leis de orzamentos
As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar os beneficios fiscais previstos nesta norma e prorrogar o prazo de vixencia.

Disposición derradeira terceira.— Delegación lexislativa
O Goberno elaborará e aprobará, no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, un texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre os tributos cedidos. A refundición inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que sexan obxecto do texto refundido."

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2010
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

A Mesa do Parlamento, na reunión do 25 de outubro de 2010, adoptou os seguintes acordos

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/PNP-0839 (52642)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis
Sobre a construción do vial inicialmente proxectado para a conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 no concello de Cambre

- 08/PNP-0840(52648)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad, e dous deputados máis
Sobre as actuacións para levar a cabo co obxecto de darlles seguridade xurídica e plenas garantías de funcionamento para o desempeño da súa actividade aos buques de pesca que

por diversos motivos quedaron fóra do proceso de regularización das embarcacións

- 08/PNP-0841(52674)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a execución do anexo II do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural

- 08/PNP-0844(52759)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre a paralización anunciada pola Consellería de Traballo e Benestar na atención aos dependentes en Galicia

- 08/PNP-0845(52776)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad, e tres deputados máis
Sobre o restablecemento pola Xunta de Galicia do seguro colectivo de accidentes no mar

- 08/PNP-0846(52877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Sánchez Montenegro, Isabel
Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante a situación da planta de tratamento de residuos sólidos urbanos da mancomunidade de concellos da Barbanza

- 08/PNP-0848(52928)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Blanco Álvarez, Fernando Xabier, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre o mantemento do sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras tal como se viña desenvolvendo

- 08/PNP-0849(52954)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e dous deputados máis
Sobre as medidas que debe promover o Goberno galego para regular o aproveitamento do monte para pasto

- 08/PNP-0850(52967)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a situación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Eduardo Pondal, de Ponteceso

- 08/PNP-0851(52969)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas de aforros galegas

- 08/PNP-0852(52974)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto, e tres deputados máis
Sobre as medidas que se deben adoptar para o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 08/PNP-0856 (53065)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio, e sete deputados máis
Sobre a solicitude da Xunta de Galicia ao Goberno central para que elabore un proxecto de lei da propiedade intelectual no que se elimine a compensación equitativa indiscriminada por copia privada, ou canon dixital

4. Procedementos de información

4.2. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-0587(52653)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e Cajide Hervés, María del Carmen
Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos prazos de aprobación, da redacción e dos cambios normativos para unha nova lei de caza

- 08/INT-0588(52654)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e tres deputados máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da supresión ou renovación do convenio con Renfe para o mantemento de determinados servizos ferroviarios de Galicia, as

liñas de actuación previstas na materia e o financiamento no futuro de obras públicas ferroviarias

- 08/INT-0589(52672)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre o estado de execución do anexo II do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural

- 08/INT-0590(52712)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a realización dunha avaliación do actual Plan de Galicia sobre drogas, así como o contido e prazo de presentación dun novo plan

- 08/INT-0591(52725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e catro deputados máis
Sobre as causas e consecuencias, nomeadamente no investimento público, do peche do exercicio orzamentario de 2010 dous meses e medio antes do seu remate

- 08/INT-0592(52730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e tres deputados máis
Sobre a xestión dos recursos piscícolas dos ríos galegos

- 08/INT-0593(52775)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad, e tres deputados máis
Sobre a renuncia pola Xunta de Galicia ao asinamento do contrato do seguro colectivo de accidentes no mar

- 08/INT-0594(52880)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre a creación da figura de auxiliar de conversación

- 08/INT-0595(52888)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Sánchez Montenegro, Isabel, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación dos espazos incluídos na Rede Natura 2000, a creación de corredores ecolóxicos para a súa conexión e a súa conversión en activos económicos

- 08/INT-0596(52901)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o incumprimento dos compromisos do Goberno galego relativos aos criterios de contratación de software

4.3. Preguntas

4.3.1. Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-1733 (52644)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis
Sobre as razóns da anulación do vial inicialmente proxectado para a conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 no concello de Cambre

- 08/POP-1734(52651)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e tres deputados máis
Sobre os cambios normativos previstos polo Goberno galego coa aprobación dunha nova lei de caza

- 08/POP-1735(52656)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier, e tres deputados máis
Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para a renovación do convenio con Renfe para o mantemento de determinados servizos ferroviarios

- 08/POP-1737(52676)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a valoración da demora na execución do anexo II do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural

- 08/POP-1738(52687)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e dous deputados máis

Sobre as razóns da retirada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do coidador que atendía o alumnado con necesidades especiais do Colexio de Educación Infantil e Primaria Novo Arteixo

- 08/POP-1739(52696)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados máis
Sobre as afirmacións do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria na sede parlamentaria respecto da actual localización no mosteiro de Celanova do instituto de ensinanza secundaria e o seu baseamento nun informe da comunidade educativa e da dirección do centro

- 08/POP-1740(52715)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a presentación dun novo plan galego sobre drogas

- 08/POP-1742(52727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José, e catro deputados máis
Sobre as consecuencias do peche do exercicio orzamentario de 2010 dous meses e medio antes do seu remate

- 08/POP-1744(52769)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henrique
Sobre os motivos da demora na execución das obras comprometidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o arranxo de cinco comedores escolares nos colexios públicos de Vigo

- 08/POP-1746(52852)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a autovía Carballo-Berdoias

- 08/POP-1747(52854)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Valcárcel Gómez, Marta, e tres deputados máis
Sobre o proxecto concreto que se vai levar a cabo na illa Fillaboa

- 08/POP-1749(52874)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio, e sete deputados máis
Sobre as repercusións na promoción do Xacobeo da presenza de Santiago de Compostela e da súa catedral nas actividades do Museo Metropolitano de Arte de Nova York con motivo do Ano Santo

- 08/POP-1750(52879)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e dous deputados máis
Sobre as accións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia ante a situación da planta de tratamento de residuos sólidos urbanos da mancomunidade de concellos da Barbanza

- 08/POP-1751(52884)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as previsións respecto da inclusión, no programa de formación de auxiliares de conversa, do alumnado con lingua materna galega

- 08/POP-1752(52896)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as afirmacións do Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa respecto da impartición do ciclo de formación profesional de instalacións electrotécnicas no Instituto de Ensinanza Secundaria de Curtis

- 08/POP-1754(52904)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o incumprimento dos compromisos do Goberno galego relativos aos criterios de contratación de software

- 08/POP-1755(52916)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis
Sobre o modelo de xestión escollido polo actual Goberno galego para o Centro Souto de Leixa de Ferrol

- 08/POP-1756(52956)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, Emma
Sobre as medidas que está a promover a Consellería do Medio Rural para regular o aproveitamento do monte para pasto

- 08/POP-1757(52972)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique, e Blanco Álvarez, Fernando Xabier
Sobre a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas de aforro galegas

- 08/POP-1758(52981)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre o cumprimento polas VI Xornadas de convivencia escolar organizadas os días 22 e 23 de outubro de 2010 en Ourense dos requisitos establecidos para a súa homologación como formación do profesorado

- 08/POP-1759(52991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre as previsións do Goberno galego para o mantemento dos actuais voos e destinos das liñas aéreas de baixo custo

- 08/POP-1760(52992)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a xestión da Consellería de Cultura e Turismo en relación coas liñas aéreas de baixo custo

- 08/POP-1761(52994)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal VI, A Mariña lucense

- 08/POP-1762(52995)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal VII, A Fonsagrada-Os Ancares

- 08/POP-1763(52996)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal VIII, Terra de Lemos

- 08/POP-1764(52997)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal IX, Lugo-Sarria

- 08/POP-1765(52998)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal X, A Terra Cha

- 08/POP-1766(52999)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal I, Ferrol

- 08/POP-1767(53000)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma, e Cobián Fernández de la Puente, Pablo
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal II, Bergantiños e as mariñas coruñesas

- 08/POP-1768(53001)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal III, Santiago e a Meseta interior

- 08/POP-1769(53002)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal IV, A Barbanza

- 08/POP-1770(53003)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma

Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal V, Fisterra

- 08/POP-1771(53024)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XI, O Ribeiro-Arenteiro

- 08/POP-1772(53025)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XII, Miño-Arnoia

- 08/POP-1773(53026)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XIII, Valdeorras-Trives

- 08/POP-1774(53027)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XIV, Verín-Viana

- 08/POP-1775(53028)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XV, A Limia

- 08/POP-1776(53029)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XVI, Deza-Tabeiros

- 08/POP-1777(53030)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XVII, O Condado-A Paradanta

- 08/POP-1778(53031)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XVIII, Vigo-Baixo Miño

- 08/POP-1779(53032)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, Emma
Sobre o balance da campaña de alto risco de incendios no distrito forestal XIX, Caldas de Reis-O Salnés

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2010
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52642
Data envio: 14/10/2010 19:11:24.805

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

O GRUPO PARLAMENTAR DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano** e das suas deputadas **Ana Luisa Bouza Santiago** e **Teresa Táboas Veleiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI,** para o seu tratamento en **Pleno**, relativa á anulación do vial de conexión da AP-9 e a A-6 en Cambre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 14 de xullo, durante unha visita á comarca d'A Coruña, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, avanzou que a Vía Ártabra estará rematada en 2012. Con relación ao treito da Vía Ártrabra que atravesa o Concello de Cambre e que conecta esta nova vía coa AP-9 e A-6, o Conselleiro comprometeuse daquela a "traballar co Concello e cos viciños para consensuar un trazado que minimice as afeccións."

Mais as cousas deberon mudar á volta do verán. Despois de manter unha reunión co Conselleiro, o candidato do PP á alcaldía de Cambre (que neste momento non é nin tan sequer concelleiro) anunciou que chegara a un acordo co titular da MATI para eliminar o novo vial que a conectaría coa A-6 e a AP-9. Debe non obstante repararse en que este vial que agora seica se vai eliminar afecta a unha finca propiedade do candidato popular de Cambre, quen xa formulara as pertinentes alegacións en defensa do seu interese particular.

Tal e como denunciaron os alcaldes de Cambre, Oleiros, Sada, Bergondo e Culleredo a eliminación do novo vial de conexión da A-6 e da AP-9 coa Vía Ártabra

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52642
Data envio: 14/10/2010 19:11:24.805

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixaría esta sen sentido, ao desembocar nunha N-VI que xa está colapsada, anulando na prática o plano viario comarcal consensuado entre os Concellos da comarca, a Xunta de Galiza e a Deputación d'A Coruña.

Os que pensabamos que a anulación deste vial de conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 era unha simples ocorrencia do Sr. Rivas, candidato popular en Cambre, enganámonos. Onte, durante a súa comparecencia para explicar os recortes no Plan MOVE, o Sr. Agustín Hernández confirmou que a Xunta anulou este vial, privando deste xeito á futura A-8 de grande parte da súa virtualidade.

Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a retomar o vial de conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 através do Concello de Cambre incluíndo nos orzamentos para 2011 as partidas precisas para acometer as expropiacións e a conclusión do correspondente proxecto construtivo.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52642
Data envio: 14/10/2010 19:11:24.805

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/10/2010 19:01:49

Ana Luísa Bouza Santiago na data 14/10/2010 19:01:53

Teresa Táboas Veleiro na data 14/10/2010 19:02:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52648
Data envio: 14/10/2010 19:36:02.371

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputados, **Marisol Soneira Tajes**, **María José Caride Estévez**, **José Manuel Gallego Lomba** e **Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O actual proceso de regularización de embarcacións, en curso, vai ter como consecuencia que un número importante de embarcacións da flota costeira artesanal maioritariamente, teñan algún tipo de problema que impida o seu informe favorable. Segundo os datos facilitados polo director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica na Comisión oitava deste Parlamento, preto do 60% das embarcacións que solicitaron a súa regularización teñen algún tipo de problema: diferencias de potencia e arqueo, discrepancias sobre se xa foron regularizadas no pasado ou non, etc.

Unha porcentaxe moi importante delas pasarán a engrosar unha situación definida como "limbo legal" por consideralas non suxeitas a este proceso, ou ben porque necesitarán aportar baixas de tonelaxe ou de potencia. Pero esta situación vai xerar problemas de interpretación por parte das distintas administracións que teñen competencia sobre a flota pesqueira.

Un dos que seguramente xurdirán, de inmediato, é a interpretación que as capitanías marítimas terán que facer dos datos que figuran de todas e cada unha das embarcacións suxeitas a este proceso, de acordo coa normativa actualmente existente. A non regularización destas embarcacións imposibilita a inscrición dos datos reais no Rexistro de Buques, impedindo así a expedición do correspondente certificado relativo á seguridade e, como consecuencia, o despacho da embarcación para a actividade pesqueira.

Pero hai máis, a necesidade de aportar baixas por variación na potencia e/ou na tonelaxe que excede a tolerancia admitida, convértese en imposible xa que practicamente non existen no mercado e, en caso de existir, deben cumprir a condición de ser da mesma modalidade de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52648
Data envio: 14/10/2010 19:36:02.371

pesca e, no caso de adquirir baixa para regular varias embarcacións, ata un máximo de 10, todas elas deben ser do mesmo porto base.

A maior parte destes problemas terían atopado solución se houbese vontade por parte da Xunta de Galicia en resolver os problemas reais da flota e non en utilizar o proceso como instrumento de confrontación co Goberno Central. Non obstante, existe unha clara vontade por parte dos propietarios destas embarcacións por acollerse ao proceso con todo o que iso supón: proxecto técnico cos custes inherentes, abono de haberes a profesionais, obras de adaptación da embarcación, etc., e non parece lóxico que teñan que pagar eles o desleixo de funcións da Consellería do Mar, e moito menos agardar a un hipotético novo proceso de regularización que deixaría o seu principal medio de vida nunha situación de ilegalidade .

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta, para o seu debate no Pleno da Cámara, a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que, en aras a dar seguridade xurídica e plenas garantías de funcionamento para o desempeño da súa actividade aos buques de pesca, que por diversos motivos quedaron fóra do proceso de regularización, acometa as seguintes accións:

1.- Que a Dirección Xeral da Mariña Mercante dite as instrucións que fosen pertinentes ás capitanías marítimas para que poidan inscribir os datos reais das embarcación nas correspondentes Follas de Asento, facendo unha reserva a efectos pesqueiros, que é competencia do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

2.- Que, por parte do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Medio Mariño, se proceda ás modificacións normativas e legais que sexan necesarias para facilitar o acceso destas embarcacións á súa regularización.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52648
Data envio: 14/10/2010 19:36:02.371

3.- A que a Consellería do Mar acometa as accións necesarias para:

a) Facilitar o acceso das embarcacións que o necesiten á tonelaxe e potencia para a súa regularización.

b) Que nos programas de paralización definitiva de actividade, teñan prioridade para acceder á potencia e tonelaxe as embarcacións que o necesiten para a súa regularización.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2010

Asdo: Marisol Soneira Tajes
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajes na data 14/10/2010 19:32:36

María José Caride Estévez na data 14/10/2010 19:32:41

José Manuel Gallego Lomba na data 14/10/2010 19:32:49

Francisco Cerviño González na data 14/10/2010 19:32:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/10/2010 19:32:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:38
Nº Rexistro: 52674
Data envio: 15/10/2010 10:38:00.992

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María Tereixa Paz Franco**, e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non del lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á execución do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da lei de desenvolvemento rural sustentábel.

O pasado 9 de decembro asinouse un convenio entre a Consellaría de Medio Rural e o MARM en aplicación dun programa piloto de desenvolvemento rural sustentábel.

O antedito convenio dotado con 17 millóns de euros, cofinanciado ao 50% polas dúas administracións asinantes, ten unha vixencia até o 31 de decembro de 2010 e, no seu articulado, establecese que as actuacións incluídas neste deben estar finalizadas e xustificadas antes do 30 de novembro de 2010.

A día de hoxe, cando só fica un mes e medio para que as obras incluídas no anexo II do Convenio teñan que estar executadas, estas aínda non foron iniciadas. Esta situación, a xuízo deste grupo parlamentar, é moi preocupante xa que compromete a posibilidade de acometer estas infraestruturas tan necesarias no medio rural e que en moitos casos suponse, segundo palabras do propio goberno, viñan a substituír obras incluídas nos plans especiais de infraestruturas vitivinícolas nas denominacións de orixe anuladas polo actual goberno e que deberan estar executas no ano 2009.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:38
Nº Rexistro: 52674
Data envio: 15/10/2010 10:38:00.992

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera este Grupo Parlamentar que ademais é unha actitude irresponsábel que o Goberno galego que vive laiándose permanentemente da merma das achegas do Estado, pola súa neglixencia e deficiente xestión poida comprometer o investimento de 8,5 millóns de euros achegados polo Ministerio.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar as seguintes actuacións coa finalidade de garantir a execución da totalidade das actuacións previstas no anexo II asinado entre a Consellaría do Medio Rural e o MARM o día 9 de decembro de 2009, coas mesmas condicións de financiamento contempladas nese convenio:

1.- Axilizar a execución daquelas actuacións que estean en execución para que na data 30/11/2010 estean finalizadas e certificadas.

2.- Negociar co Ministerio, para todas as demais, unha prórroga do convenio polo prazo indispensábel para poder contemplar todos os trámites administrativos e a execución das actuacións previstas coa participación no seu cofinanciamento por parte do Ministerio.

3.- Axilizar a tramitación administrativa de todos os expedientes coa finalidade de que a totalidade das actuacións previstas estean en execución antes de finalizar o ano 2010.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:38
Nº Rexistro: 52674
Data envio: 15/10/2010 10:38:00.992

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 15/10/2010 10:31:09

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/10/2010 10:31:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 13:54
Nº Rexistro: 52759
Data envio: 18/10/2010 13:54:38.858

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** por iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** relativa á paralización anunciada pola Conselleira de Traballo e Benestar na atención aos dependentes en Galiza.

O pasado día 15 de Outubro, clausurando a celebración do vixésimo aniversario da Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), o Presidente da Xunta manifestou que o goberno que el preside segue a política de "reducir para manter o esencial: e a atención ás persoas con discapacidade é o esencial". En aplicación prática desta política, Beatriz Mato, Conselleira de Traballo e Benestar, anunciou nunha entrevista publicada dous días despois, o 17 de Outubro, que "os dependentes que están en tramitación, os que están apontados, quedarán fóra das axudas". Sabendo que nin todos os dependentes son discapacitados e que, por conseguinte, a política de atención á discapacidade non se esgota, nin muitos menos, na atención á dependencia resulta tamén evidente que os recortes que a Xunta do PP está a aplicar en materia de dependencia atinxe mui negativamente ás persoas discapacitadas que son, xunto cos maiores, os principais beneficiarios destas prestacións.

O BNG é consciente dos recortes que os orzamentos do Estado introducen en materia de dependencia para 2011 (máis de 83 millóns de euros) así como da especial incidencia negativa que o sistema de financiamento autonómico, asinado por Núñez Feijoo, ten sobre o financiamento da dependencia no noso país. Mais os incumprimentos estatais non poden ser excusa para lles negar aos dependentes

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 13:54
Nº Rexistro: 52759
Data envio: 18/10/2010 13:54:38.858

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galegos a atención á que, por lei, teñen dereito. A Xunta ten marxe para priorizar a dependencia nas súas políticas de gasto e máis tamén para obter, através dunha política tributaria adecuada, os recursos precisos para a financiar. Máxime cando a Consellaría de Traballo e Benestar agacha os dados sobre a aplicación da Lei de Dependencia en Galiza e os que facilita o IMSERSO amosa que a Xunta segue perdendo posicións no conxunto das Comunidades Autónomas do Estado.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

O Parlamento insta á Xunta a:

1. Atender a todas as persoas dependentes de conformidade nos termos da correspondente resolución de PIA contemplando a tal fin as dotacións orzamentais precisas.
2. A publicar mensualmente estatísticas actualizadas do grao de aplicación da Lei de Dependencia.
3. A transferir aos Concellos o financiamento que estes precisan para unha adecuada atención á dependencia no ámbito das súas compertencias.
4. A demandar do Estado un adecuado financiamento da atención á dependencia nos orzamentos xerais.
5. A instar a revisión do vixente sistema de financiamento autonómico por discriminar a atención á dependencia en Galiza.

Santiago de Compostela, a 18 de Outubro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 13:54
Nº Rexistro: 52759
Data envio: 18/10/2010 13:54:38.858

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 18/10/2010 13:53:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:10
Nº Rexistro: 52776
Data envio: 18/10/2010 18:10:25.016

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputados, **Marisol Soneira Tajes**, **María José Caride Estévez**, **José Manuel Gallego Lomba** e **Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

De todos é coñecida a angustia que sofren as familias, e o conxunto da sociedade, cando acontece unha desgracia no exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira. Todos temos asistido a episodios onde a desaparición de tripulacións enteiras supón unha auténtica lousa emocional.

Ao longo dos séculos temos aprendido de experiencias dramáticas para ir mellorando tecnicamente embarcacións e artes; fomos quen de ir incorporando experiencias que nos facilitasen as condicións de traballo e de saúde; incorporamos medidas de protección social que permitisen dignificar as condicións de vida en caso de sufrir incapacidades e de acceder a unha pensión, sempre insuficiente, que nos permita chegar a fin dos nosos días cunha certa estabilidade económica. Ningunha das conquistas foi fácil e aínda quedan moitas por facer. Unha delas foi o seguro colectivo de accidentes no mar.

Xurde, da man do conselleiro Enrique López Veiga, para paliar situacións difíciles para as familias e os traballadores do mar que tivesen a desgracia de sufrir un accidente no exercicio da súa profesión. Ningún seguro pode compensar a perda dun pai, dun irmán, dun esposo, dun amigo, pero a decisión tomada naquel momento foi un paso adiante para prestar apoio material aos que vían como a súa vida cambiaba de maneira dramática nun instante, ou que, en momentos de incerteza, podían acollerse a algo tanxible.

A conselleira, Carmen Gallego, mellorou as condicións do mesmo para incorporar a el aos inmigrantes enrolados en barcos galegos e ampliou as coberturas para que, durante os períodos de traslado ou retorno ao seu posto de traballo estivesen tamén cubertos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:10
Nº Rexistro: 52776
Data envio: 18/10/2010 18:10:25.016

Pénsemos nos mariñeiros que, por quendas, pescan no Indico. Tamén se incorporaron medidas tan prosaicas, pero tan de agradecer neses momentos dramáticos en que perdemos a un ser querido en mares alleos, como a asistencia psicolóxica ou o traslado e enterro do falecido.

Todo este servizo custábanos a todos os galegos un millón douscentos mil euros nos orzamentos de 2010 e, segundo os datos de que dispomos no Grupo Parlamentario Socialista cubría:

FALECEMENTO

INVALIDECES: parcial, total profesional, absoluta e gran invalidez.

AXUDAS: para estudos, gastos de gardería ou preescolaridade para os orfos ou fillos dos accidentados en grao de invalidez absoluta ou gran invalidez.

No caso de non teren outras coberturas:

-Gastos de enterro.
-Gastos de traslado ou repatriación do cadaleito.

Queda cuberto coas mesmas garantías os accidentes ocorridos *"en itinere"* e o infarto de miocardio cando sexa cualificado como accidente laboral.

Os desaparecidos, terán a consideración de falecidos, no prazo de tres meses a partir da data do suceso.

No caso de quedar en cadeira de rodas cubrirase a adaptabilidade do fogar e o vehículo.

BENEFICIARIOS

1) A propia persoa asegurada cando a consecuencia do accidente sexa unha invalidez.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:10
Nº Rexistro: 52776
Data envio: 18/10/2010 18:10:25.016

2) A viúva ou viúvo do asegurado cando este estivese casado.

3) Os pais, se o falecido fose solteiro, viúvo, separado ou divorciado, sen fillos.

4) Os fillos determinados legalmente, no caso no que o falecido fose solteiro, viúvo, separado ou divorciado, con eles.

5) Os herdeiros legais, nos demais casos.

6) Das axudas e bolsas por estudos, os beneficiarios serán os fillos determinados legalmente.

IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS

INDEMNIZACIÓN POR FALECEMENTO

Situación da persoa asegurada:

a) Sen fillos ao seu cargo:

Solteiro, viúvo, divorciado ou separado, sen cargas familiares.....3.400 €

Solteiro, viúvo, divorciado ou separado, con cargas familiares.....6.800 €

b) Casado, sen fillos 10.200 €

c) Casado, solteiro, viúvo, divorciado, ou separado con fillos ata 24 anos:

Con un fillo	17.000 €
Con dous fillos	24.000 €
Con tres ou máis fillos	30.000 €

INDEMNIZACIÓN POR INVALIDEZ

Invalidez permanente parcial, a porcentaxe sobre ..... 20.400 €

Invalidez permanente total para a profesión ..... 13.600 €

Invalidez permanente absoluta para todo traballo ..... 20.400 €

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:10
Nº Rexistro: 52776
Data envio: 18/10/2010 18:10:25.016

Grande invalidez ..... 30.600 €

AXUDAS E BOLSAS DE ESTUDOS

De 0 a 4 anos ..... (ano por fillo) 790 €
De 4 a 22 anos ..... (ano por fillo) 1.325 €
Estudos universitarios ata os 24 anos..... (ano por fillo) 1.988 €

No caso de discapacidade física ou psíquica superior ao 33% a cantidade elévase ata os 2.650 € /ano.

A Consellería do Mar iniciou en maio o expediente para a contratación, un ano máis, do seguro colectivo de accidentes no mar, por un período de doce meses. A publicidade da licitación fíxose no DOG, BOE e DOUE ao longo dos meses de xullo e agosto. Presentaron oferta sete compañías de seguros e, segundo os propios datos da Consellería do Mar, salvo unha todas reunían as condicións para ser seleccionadas. Sorprendentemente a decisión da Xunta de Galicia foi anular todo o proceso -isto xa vén sendo norma no Goberno Galego- e renunciar a manter este seguro que dá cobertura a todo o sector pesqueiro galego en aras a unha mal entendida austeridade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non podemos compartir esta decisión por canto as medidas de aforro, en caso de ser necesarias, non poden afectar á parte máis débil da sociedade nin a servizos que teñen demostrado sobradamente a súa utilidade. Non é asumible que sexa máis importante incrementar en case tres millóns de euros os fondos para despezamento de buques antes que garantir e manter unha medida como a que estamos a falar. Non é aceptable que sexa máis importante renovar o vehículo da Sra. Conselleira que deixar sen cobertura a familias que tiveron a desgracia de perder a un dos seus membros no mar. Non se pode dar prioridade no gasto á publicidade e á propaganda sobre a dignidade das persoas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta para o seu debate a seguinte proposición non de lei:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:10
Nº Rexistro: 52776
Data envio: 18/10/2010 18:10:25.016

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a restablecer, con carácter de urxencia, o Seguro Colectivo de Accidentes no Mar nas mesmas condicións, polo menos, que as que tiña no momento en que a Consellería do Mar tomou a decisión de anulalo.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2010

Asdo: Marisol Soneira Tajes
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajes na data 18/10/2010 17:57:02

María José Caride Estévez na data 18/10/2010 17:57:08

José Manuel Gallego Lomba na data 18/10/2010 17:57:15

Francisco Cerviño González na data 18/10/2010 17:57:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2010 17:57:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:19
Nº Rexistro: 52877
Data envio: 19/10/2010 13:19:50.574

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Isabel Sánchez Montenegro** e do seu deputado **Henrique Viéitez Alonso**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa ás accións que debe levar adiante a Xunta de Galiza ante a situación da Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos da Mancomunidade de Concellos da Barbanza.

A Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza está integrada polos concellos de Pontecesures, Ames, Lousame, Brión, Noia, Muros, Porto do Son, Carnota e Rois, abarcando unha poboación global de 85.000 habitantes. Estes concellos decidiron establecer un sistema autónomo de recollida e tratamento dos seus RSU. Desde a posta en funcionamento da Planta coa que contan en Lousame, este sistema veu acadando uns excelentes resultados en relación coa xestión de residuos, demostrou ser máis barata que outras opcións que existen na Galiza e funcionou con total normalidade.

Como consecuencia dos impagos dalgúns dos concellos integrados na Mancomunidade está atravesando un momento delicado. Esta situación provocou que a empresa que xestiona esta planta, denunciara incumprimento de contrato e solicitara a rescisión do mesmo.

No futuro desta planta non é indiferente a actitude que adopte a Xunta de Galiza. As súas responsabilidades sitúanse tanto na colaboración coa mancomunidade para garantir a execución das retencións precisas aos concellos que incumpren, como á

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:19
Nº Rexistro: 52877
Data envio: 19/10/2010 13:19:50.574

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hora de negociar con Ecoembes os compromisos desta empresa coa planta de Lousame.

A situación xerada provoca tamén incerteza sobre o futuro de 150 empregos directos desta planta, debendo implicarse a Xunta para garantir a continuidade desta planta de tratamento de residuos e os postos de traballo existentes na actualidade.

Polo dito, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a adoptar todas as medidas precisas para garantir a viabilidade da Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Lousame e os postos de traballo da mesma, e particularmente:

- Garantir, a través do convenio que está negociando con Ecoembes, que esta empresa manterá as condicións de recollida dos materiais que ten na actualidade coa planta de Lousame.
- Establecer fórmulas de colaboración económica coa mancomunidade para o funcionamento deste servizo de tratamento de residuos sólidos urbanos. Con tal finalidade iniciaranse conversacións coa Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza a fin de constituír unha empresa pública que xestione a planta de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Lousame, na que a Xunta de Galiza participe cun 49% do capital e a Mancomunidade o 51%.
- Realizar as xestións oportunas para facilitar a amortización da débeda que varios concellos da comarca manteñen coa mancomunidade.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:19
Nº Rexistro: 52877
Data envio: 19/10/2010 13:19:50.574

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Isabel Sánchez Montenegro

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 19/10/2010 12:59:40

Isabel Sánchez Montenegro na data 19/10/2010 12:59:47

Henrique Viéitez Alonso na data 19/10/2010 12:59:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 11:09
Nº Rexistro: 52928
Data envio: 20/10/2010 11:09:52.985

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** por iniciativa do deputado **Fernando Blanco Álvarez** e da deputada **Tereixa Paz Franco**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Os gandeiros galegos están recibindo información verbal, desde as Oficinas Agrarias Comarcais, anunciándolles unha serie de cambios no que respecta ao sistema de identificación e rexistro do gando bovino.

Neste momento, aínda que tamén se podía xestionar nos locais das Oficinas Comarcais, a maioría estábase facendo a través dos veterinarios identificadores que acudían ás explotacións para poñer o crotal aos animais e ao mesmo tempo, para dar de alta os distintos movementos que se produzan nestas explotacións como o nacemento, compra-venda ou morte dun animal.

A presenza dos veterinarios nas explotación facilitaba moito a labor aos gandeiros, pois colaboraban para anotar correctamente no libro de explotación e favorecía un control e seguimento moito máis rigoroso e axeitado.

Segundo as informacións que están difundindo desde as Oficinas Comarcais, os cambios irían por suprimir a visita dos veterinarios ás explotacións (só se achegarían para facer inspeccións periódicas) quedando a identificación, rexistro e anotacións dos animais no libro de explotación unicamente a cargo dos gandeiros, sen asesoramento nin control directo por parte da administración.

De confirmarse estes cambios, a maioría das xestións administrativas terían que facelas a través dunha Oficina Agraria Virtual da Xunta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 11:09
Nº Rexistro: 52928
Data envio: 20/10/2010 11:09:52.985

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta medidas nalgúns concellos, suporían un grave prexuízo para moitos gandeiros, pois a maioría das explotacións aínda non teñen acceso a Internet, o que os obrigaría a trasladarse á Oficina Comarcal para uns trámites ou chamar ao teléfono 012 da Xunta para outros, cada vez que naza, morra, venda ou compre un animal, aumentando deste xeito, o custe e o tempo de atención á explotación.

A maiores, as consultas feitas polos gandeiros diante da Consellaría do Medio Rural non lles aclararon nada de como nin cando pensa a Xunta de Galiza efectuar estes cambios.Ademais recentemente a Consellería de Medio Rural anunciou un ere na empresa pública SEAGA, que imposibilitaría, na práctica, seguir facendo o control que se viña realizando polos veterinarios identificadores.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a manter o sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras nas condicións e coas garantías nas que se viña desenvolvendo.

Santiago de Compostela, 20 de Outubro de 2010

Asdo. **Fernando Blanco Alvarez**

Tereixa Paz Franco

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 11:09
Nº Rexistro: 52928
Data envio: 20/10/2010 11:09:52.985

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 20/10/2010 11:06:33

María Tereixa Paz Franco na data 20/10/2010 11:06:38

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 20/10/2010 11:06:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 16:58
Nº Rexistro: 52954
Data envio: 20/10/2010 16:58:53.567

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa das deputadas, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín** e **Rosa Obiña Solla,** ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos

A superficie do monte en Galicia ocupa da orde de dous millóns de hectáreas, das cales 2/3 son de propiedade privada.

A presencia de gando solto no monte galego sen autorización dos donos forma parte da idiosincrasia do noso país, sendo frecuente que invadan calzadas chegando incluso a provocar accidentes e tamén as queixas dos donos de terreos agrícolas pretos ao monte, polos danos que ocasionan estes animais nas súas colleitas.

De acordo coa Lei básica de montes o pastoreo é un aproveitamento forestal que é do propietario do monte, por iso é preciso a regulación e o control do gando montresco da nosa Comunidade a fin de garantir o respecto e a propiedade do monte.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Pleno.

"O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia a promover medidas para regular o aproveitamento do monte para pasto, e que entre outras, polo menos se recollan as seguintes:

1.- Poñer en marcha un rexistro de terreos forestais de pastoreo regulado.

2.- Promover acordos entre gandeiros e propietarios.

Pazo do Parlamento ◆ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ◆ Fax: 981 551 422 ◆ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 16:58
Nº Rexistro: 52954
Data envio: 20/10/2010 16:58:53.567

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

3.- Promover cercados gandeiros para controlar a vexetación e garantir que o gando non invada zonas onde é perxudicial a súa presencia.

4.- Instrumentar procedementos de defensa eficaz dos propietarios ante a presencia de gando sen autorización en terreos privados.

5.- Obrigar aos donos de gando nos cercados á realización dun marcaxe visible, ademais do microchip obrigatorio".

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 20/10/2010 14:28:36

María Emma Álvarez Chao na data 20/10/2010 14:28:41

María Isabel García Pacín na data 20/10/2010 14:28:51

Rosa Oubiña Solla na data 20/10/2010 14:28:55

Pazo do Parlamento ◆ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ◆ Fax: 981 551 422 ◆ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 10:10
Nº Rexistro: 52967
Data envio: 21/10/2010 10:10:38.324

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos seus deputados **Carlos Aymerich Cano** e **Carme Adán Villamarín,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, relativa á situación do CEIP "Eduardo Pondal" de Ponteceso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como ten denunciado o BNG de Ponteceso facéndose eco da demanda do claustro de profesores e dos pais e nais, no colexio Eduardo Pondal existe unha aula de 4º de Primaria con máis de 25 alumnos que debera, de conformidade coa normativa vixente, estar desdobrada en dúas unidades. Porén, por riba de non permitir o tal desdobramento a Consellaría non concedeu o mestre que tería que encargarse desta aula e dar clase aos seus alumnos, profesional que lle correspondería según o catálogo de mestres de primaria. No seu lugar esta aula está a ser atendida por outros profesores do centro (de música e de educación física) a custa das súa atención, como especialistas, aos demais grupos.

Así as cousas, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta á Xunta a desdobrar o grupo de 4º de primaria do CEIP "Eduardo Pondal" de Ponteceso dotándoo dos novos profesores precisos para a adecuada atención do alumnado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 10:10
Nº Rexistro: 52967
Data envio: 21/10/2010 10:10:38.324

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, a 20 de Outubro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

Asdo.: Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/10/2010 9:53:53

María do Carme Adán Villamarín na data 21/10/2010 9:54:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:12
Nº Rexistro: 52969
Data envio: 21/10/2010 11:12:00.800

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa dos deputados **Henrique Viéitez Alonso** e **Fernando Blanco Alvarez** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, dirixida ao Goberno Galego sobre **a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas galegas.**

Dentro do proceso de fusión das caixas galegas, a representación das dúas entidades e parte da representación sindical teñen chegado a un acordo que define as medidas de reorganización e o marco laboral aplicábel como consecuencia de dito proceso. Dentro deste acordo recoñecen "a necesidade de reestruturar o plantel resultante" e, tamén, que as medidas recollidas no acordo "produciran extincións contractuais", chegando a afirmar que o primeiro e fundamental ámbito da negociación é "as medidas de reestruturación do plantel".

Este acordo tamén recoñece que o resultado de solución ordenada ao excedente do plantel definido no citado plan esta comprendido entre as 1.180 e as 1.230 persoas. En definitiva, un custe social demasiado alto e que non esta xustificado en función do papel que xogaron as anteriores caixas e que debe seguir xogando a caixa resultante da fusión como é a de converterse nunha poderosa ferramenta financeira que acompañe ás políticas de apoio ao desenvolvemento económico da Galiza e ás familias, no camiño da recuperación e creación de emprego. Neste aspecto destacar que a decisión de deslocalizar investimentos e, sobre todo, externalizar procesos trasladándoos fora da Galiza non concordo cos postulados anteriores, polo que o Parlamento e o Goberno galego non poden quedar á marxe das consecuencias finais, neste caso, a destrución de emprego cuantificado en 1.200 postos de traballo.

Son estas as razóns polas que nos obriga ao grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:12
Nº Rexistro: 52969
Data envio: 21/10/2010 11:12:00.800

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego para que desenvolva as seguintes actuacións:

1º) Verificar que cando se presente para a homologación do acordo laboral como consecuencia do correspondente proceso administrativo mediante un expediente de regulación de emprego non teña cabida a externalización ou a deslocalización das actividades que viñan desenvolvendo as caixas por medios propios.

2º) Que en todo momento, calquera persoa traballadora afectada polo expediente de regulación fose medíante a súa incorporación voluntaria.

Santiago de Compostela, 20 de outubro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Fernando Blanco Alvarez
Deputados do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 21/10/2010 10:38:38

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 21/10/2010 10:38:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:12
Nº Rexistro: 52969
Data envio: 21/10/2010 11:12:00.800

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/10/2010 10:38:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:42
Nº Rexistro: 52974
Data envio: 21/10/2010 11:42:37.608

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo, José Tomé Roca e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

A prestación farmacéutica comprende os medicamentos e produtos sanitarios e o conxunto de actuacións encamiñadas a que os doentes reciban e utilicen de forma adecuada as súas necesidades clínicas, nas doses precisas e segundo os seus requirimentos individuais durante o período de tempo adecuado coa información para o seu correcto uso e o menor custe posible.

Os medicamentos e produtos sanitarios contribúen dunha maneira substancial á mellora da saúde e do benestar da poboación galega.

Os profesionais sanitarios, e moi especialmente os médicos, xogan un papel esencial nas estratexias para a mellora da calidade asistencial e en particular da prestación farmacéutica.

O Sistema Nacional de Saúde español está constituído polo conxunto dos Servizos de Saúde das comunidades autónomas axeitadamente coordinados en beneficio dos cidadáns.

A prestación farmacéutica, e no seu conxunto a política farmacéutica, ten unha lexislación básica estatal moi significativo e tamén relevante configuración xurídica europea, na que se inclúe a creación da Axencia Europea de Medicamentos, con competencias para os procedementos de autorización e control de medicamentos.

O Consello Interterritorial, presidido polo Ministerio de Sanidade, é o órgano de coordinación da política sanitaria e a Comisión de Farmacia, onde se debaten tecnicamente as medidas de racionalización do gasto farmacéutico. Neste Consello Interterritorial aprobáronse distintas medidas para a racionalización do gasto. A Lei 29/2006, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios está contribuíndo a ese uso racional.

O artigo 88 da Lei 29/2006 establece o principio de igualdade territorial e procedemento coordinado.

A Comunidade Autónoma de Galicia pode e debe, en exercicio das súas competencias, tomar medidas tendentes a racionalizar a prescrición e a utilización dos medicamentos e produtos sanitarios en Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:42
Nº Rexistro: 52974
Data envio: 21/10/2010 11:42:37.608

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para a toma de medidas para o uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.º) Definir a prestación farmacéutica na Rede Pública Sanitaria Galega como a que comprende todos os medicamentos e produtos sanitarios:

a. Incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde

b. Os adquiridos para ser utilizados nos centros sanitarios públicos.

c. Os medicamentos autorizados polo Ministerio de Sanidade de uso compasivo, ensaios clínicos e estranxeiros.

d. Os incluídos, no seu caso, por parte da Comunidade Autónoma, para algunhas condicións especiais.

2.ª) Instaurar na Rede Pública Sanitaria Galega a prescrición por principio activo.

a) No ámbito da Rede Pública do Sergas promoverase a prescrición de medicamentos identificados polo seu principio activo ou substancia que compón o medicamento, utilizando a Denominación Oficial Española –DOE.

b) O órgano competente na xestión das prestacións farmacéuticas adoptarás as medidas necesarias para garantir a eficiencia na dispensación de medicamentos prescritos por principio activo.

c) Coa finalidade de evitar erros, especialmente en doentes polimedicados, o farmacéutico garantirá a dispensación do mesmo medicamento ao longo de todo o tratamento.

d) O farmacéutico velará polo cumprimento das pautas establecidas na prescripción, informando debidamente ao doente.

e) A administración sanitaria galega fixará anualmente os obxectivos de cobertura e implementación da prescrición por principio activo.

f) A administración sanitaria aprobará protocolos terapéuticos para tratar as patoloxías de alto impacto sanitario e/ou económico, a proposta das comisión clínicas que se determinen en cada caso.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:42
Nº Rexistro: 52974
Data envio: 21/10/2010 11:42:37.608

g) A administración sanitaria establecerá, de acordo cos farmacéuticos de Galicia, os procedementos para a dispensación de xenéricos ou especialidades máis custe – eficientes en cada prescrición por principio activo.

3.º) O Goberno galego poñerá en marcha un sistema de información en relación coa prestación farmacéutica para abordar tres obxectivos:

a. Información da prescrición mensual, individual e agregada por servizos.

b. Garantía de información científica periódica e rigorosa aos profesionais sobre as novidades no ámbito dos medicamentos e produtos sanitarios.

c. Información á poboación sobre o uso racional dos medicamentos.

4.º) O Goberno galego tomará as medidas precisas para o desenvolvemento eficaz dos obxectivos anteriores.

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2010

Asdo: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
José Tomé Roca
Beatriz Sestayo Doce
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 21/10/2010 11:41:12

María Carmen Acuña Docampo na data 21/10/2010 11:41:19

José Tomé Roca na data 21/10/2010 11:41:25

Beatriz Sestayo Doce na data 21/10/2010 11:41:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/10/2010 11:41:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2010 10:34
Nº Rexistro: 53065
Data envio: 22/10/2010 10:34:25.338

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Ignacio López-Chaves Castro, José Fervenza Costas, María de la Soledad Piñeiro Martínez, Pedro Arias Veira, María Yolanda Díaz Lugilde, Natalia Barros Sánchez, Román Rodríguez González e Marta Valcarcel Gómez, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de Lei urxente para o seu debate en Pleno.

Xustificación da Urxencia.

A recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea esixe a adopción de medidas urxentes no tema do canon dixital por parte do Goberno central.

Exposición de Motivos

A existencia en España dun canon dixital que se aplica de forma indiscriminada por copia privada a todos os equipos, aparatos e materiais de reprodución dixital e a todas as copias privadas con independencia do destino ou uso da mesma, supón un grave dano para tódolos cidadáns que son considerados sospeitosos polo feito de poder realizar unha copia dunha obra suxeita á propiedade intelectual.

Este sistema de aplicación indiscriminada non é compatible, segundo afirma a Sentencia del Tribunal de Xustiza de la Unión Europea de 21 de outubro na que se afirma que "a aplicación indiscriminada do canon por copia privada, en particular en relación con equipos, aparatos y soportes de reprodución dixital que non se puxera a disposición de usuarios privados y que estean manifestamente reservados a usos distintos a la realización de copias privadas, non resulta conforme coa Directiva 2001/29"

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2010 10:34
Nº Rexistro: 53065
Data envio: 22/10/2010 10:34:25.338

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

O Goberno central, competente en materia de propiedade intelectual, debería por fin a este canon dixital abusivo mediante as modificacións lexislativas pertinentes.

Polo exposto:

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia que se dirixa ao Goberno do Estado para que elabore un proxecto de Lei de Propiedade intelectual na que se elimine a compensación equitativa indiscriminada e abusiva por copia privada."

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/10/2010 10:28:56

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 22/10/2010 10:29:03

José Fervenza Costas na data 22/10/2010 10:29:09

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 22/10/2010 10:29:16

Pedro Manuel Arias Veira na data 22/10/2010 10:29:22

Yolanda Díaz Lugilde na data 22/10/2010 10:29:25

Natalia Barros Sánchez na data 22/10/2010 10:29:29

Román Rodríguez González na data 22/10/2010 10:29:32

Marta Valcárcel Gómez na data 22/10/2010 10:29:36

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 22/10/2010 10:29:44

Rosa Oubiña Solla na data 22/10/2010 10:29:45

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 22/10/2010 10:29:48

José Carlos López Campos na data 22/10/2010 10:29:52

María Emma Álvarez Chao na data 22/10/2010 10:29:58

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2010 10:34
Nº Rexistro: 53065
Data envio: 22/10/2010 10:34:25.338

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

José Manuel Balseiro Orol, Secretario na data 22/10/2010 10:30:02

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52653
Data envio: 14/10/2010 19:42:46.238

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, **María Carmen Cajide Hervés**, **Silvia Fraga Santos** e **Carmen Gallego Calvar**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería do Medio Rural resolvía o pasado 5 de outubro de 2010 a adxudicación provisional do contrato para a elaboración do borrador dunha nova Lei de caza de Galicia.

Resultou adxudicataria a empresa Manzano, Lamela, Vinagre y Asociados, SL, cun orzamento de 48.380,00 euros.

A adxudicación definitiva producirase nos próximos 10 días hábiles, despois de que expire o prazo de 15 días hábiles, para que a empresa adxudicataria acredite o cumprimento das obrigas que figuran no Prego de cláusulas administrativas particulares e constitúa a garantía definitiva de 2050,00 euros na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

A devandita resolución da Consellería do Medio Rural confirma a intención do Goberno galego de promover un cambio normativo na vixente Lei de caza de Galicia, para aprobar unha nova Lei.

Por ese motivo as deputadas que asinan interpelan ao Sr. conselleiro do Medio Rural nos seguintes termos:

1.ª) Que prazos contempla o Goberno galego para a aprobación dunha nova Lei de caza?

2.ª) Ten previsto o Goberno galego promover a consulta cos sectores implicados de cara a consensuar o texto da nova Lei de caza de Galicia que contempla aprobar o Goberno galego?

3.ª) Que cambios normativos contempla o Goberno galego introducir coa aprobación dunha nova Lei de caza?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52653
Data envio: 14/10/2010 19:42:46.238

Grupo Parlamentario

4.ª) Ten previsto o Goberno galego introducir cambios normativos na nova Lei de caza co fin de garantir a compensación dos danos que provocan os ataques da fauna salvaxe?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
María Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Carmen Gallego Calvar
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 14/10/2010 19:40:49

Maria del Carmen Cajide Herves na data 14/10/2010 19:40:54

Silvia Belén Fraga Santos na data 14/10/2010 19:41:05

Carmen Gallego Calvar na data 14/10/2010 19:41:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52654
Data envio: 15/10/2010 09:14:22.354

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, Mar Barcón Sánchez, María Quintas Alvarez e Carmen Gallego Calvar, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

O presidente anunciou o pasado mes de setembro, a determinación da Xunta de Galicia de rematar co convenio con RENFE para o mantemento de determinados servizos ferroviarios que afectan de xeito fundamental a diversos tramos galegos. Fundamentalmente os comprendidos entre Ourense co límite da nosa Comunidade Autónoma; entre Coruña e Ferrol e o traxecto Coruña – Lugo – Monforte.

Non deixa de sorprender dita afirmación cando se compara ca actuación levada a cabo en épocas anteriores, incluído o período en que o actual Presidente da Xunta de Galicia tivo responsabilidades como conselleiro e vicepresidente no goberno autonómico. Durante ese tempo, a Xunta de Galicia comezou a subvencionar, non xa sómente aos servizos ferroviarios, senón incluso chegou mesmo a financiar obras de infraestrutura ferroviaria que corresponderían realizar en exclusiva á Administración central, deixando comprometido fondos importantes para exercicios futuros.

En efecto, basta acudir aos diferentes orzamentos da Xunta de Galicia, para contemplar as diversas cantidades consignadas para estes convenios sobre temas ferroviarios. Así durante o período 2003 a 2005, os importes deses convenios ascenden a 47,5 millóns de euros. Mentres que os compromisos nos anos 2006 a 2009 – ao marxe da achega para o mantemento de determinados servizos ferroviarios – e como consecuencia de facer fronte aos compromisos adquiridos con anterioridade - supuxeron outros 23,5 millóns de euros.

Todo elo como consecuencia do convenio asinado entre o Presidente da Xunta de Galicia Manuel Fraga e o Ministro de Fomento Álvarez – Cascos a finais do ano 2000 e polo que a propia Xunta de Galicia comprometíase a

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52654
Data envio: 15/10/2010 09:14:22.354

financiar obras ferroviarias para varias anualidades futuras, por importe de 180 millóns de euros.

Así o Sr, Núñez Feijóo directamente xestionou e comprometeu fondos con destino a cuestións ferroviarias por importe de máis de 80 millóns de euros, unha vez deducidos dos importes devanditos os que corresponden á subvención realizada polo goberno anterior para financiar diversos servizos ferroviarios acordados entre a Xunta de Galicia e Renfe – Operadora, e os cales, por certo, o goberno actual decidiu prorrogar para 2010.

As afirmacións actuais do Presidente de que resulta máis económico poñerlles un servizo de transporte por estrada aos afectados, contradín as súas propias manifestacións realizadas con anterioridade. Ante unha situación fundamentalmente similar en relación aos servizos de transporte ferroviario, teñen unha resposta ben distinta na actualidade e durante os anteriores gobernos autonómicos do Partido Popular, cando decidiron implantar e financiar este tipo de cuestións.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª.- A Xunta de Galicia, vai suprimir ou renovar, e no seu caso baixo que condicións, o convenio para o mantemento de determinados servizos ferroviarios en Galicia?

2ª.- Cales son as liñas de actuación previstas nesta materia pola Xunta de Galicia para o futuro?

3ª.- Pensa volver o Goberno galego a financiar obras públicas ferroviarias?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52654
Data envio: 15/10/2010 09:14:22.354

Grupo Parlamentario

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 15/10/2010 9:07:06

Mar Barcón Sánchez na data 15/10/2010 9:07:13

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/10/2010 9:07:18

Carmen Gallego Calvar na data 15/10/2010 9:07:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:36
Nº Rexistro: 52672
Data envio: 15/10/2010 10:36:34.072

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á execución do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da lei de desenvolvemento rural sustentábel.

O pasado 9 de decembro asinouse un convenio entre a Consellaría de Medio Rural e o MARM en aplicación dun programa piloto de desenvolvemento rural sustentábel.

O antedito convenio dotado con 17 millóns de euros, cofinanciado ao 50% polas dúas administracións asinantes, ten unha vixencia até o 31 de decembro de 2010 e, no seu articulado, establecese que as actuacións incluídas neste deben estar finalizadas e xustificadas antes do 30 de novembro de 2010.

A día de hoxe, cando só fica un mes e medio para que as obras incluídas no anexo II do Convenio teñan que estar executadas, estas aínda non foron iniciadas. Esta situación, a xuízo deste grupo parlamentar, é moi preocupante xa que compromete a posibilidade de acometer estas infraestruturas tan necesarias no medio rural e que en moitos casos suponse, segundo palabras do propio goberno, viñan a substituír obras incluídas nos plans especiais de infraestruturas vitivinícolas nas denominacións de orixe anuladas polo actual goberno e que deberan estar executas no ano 2009.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:36
Nº Rexistro: 52672
Data envio: 15/10/2010 10:36:34.072

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera este Grupo Parlamentar que ademais é unha actitude irresponsábel que o Goberno galego que vive laiándose permanentemente da merma das achegas do Estado, pola súa neglixencia e deficiente xestión poida comprometer o investimento de 8,5 millóns de euros achegados polo Ministerio.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte INTERPELACIÓN:

1.) En que situación están na actualidade as actuacións previstas no anexo II do convenio asinado co Ministerio o día 9 de decembro de 2009?

2.) Que actuacións das previstas están actualmente en execución?

3.) Que actuacións estarán finalizadas e certificadas na data prevista no Convenio?

4.) Cales son as causas desta demora na execución deste programa?

5.) Como valora que pidan ficar sen realizar parte das actuacións contempladas neste?

6.) Ten realizado algunha xestión coa finalidade de garantir que se poidan executar a totalidade das infraestruturas previstas neste programa?

7.) De ser así, cales e con que resultado?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:36
Nº Rexistro: 52672
Data envio: 15/10/2010 10:36:34.072

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 15/10/2010 10:34:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52712
Data envio: 15/10/2010 14:06:17.195

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

O "Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009" sigue actualmente en vigor xa que foi ampliado por un ano polo Goberno galego co compromiso de presentar ao longo do ano 2010 un novo Plan.

Ao longo deste ano 2010 o BNG ten levado ao Parlamento galego a preocupación pola continuidade dos dispositivos e pola falta de clareza e de compromiso do Goberno galego. Temos plantexado modificacións orzamentarias e resolucións específicas no debate do estado da Nación que foron rexeitadas polo Partido Popular, así como varias preguntas ao Goberno.

A realidade actual dos dispositivos de prevención e asistencia, que xestionan Concellos e Asociacións sen ánimo de lucro, que involucra o traballo de centos de profesionais e que atenden a milleiros de cidadás e cidadáns galegos é dun paulatino abandono:

- Empeora a interlocución coa administración e a coordinación entre os dispositivos
- Recórtase o financiamento nun momento de crise económica tamén para Concellos e Asociacións
- Descoñécese o plan de futuro previsto dende o Goberno galego para os

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52712
Data envio: 15/10/2010 14:06:17.195

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispositivos e a integración da asistencia no SERGAS parece cada día máis lonxe

En comparecencia na Comisión 5ª, para responder sobre as orientacións do futuro Plan, o representante da Consellería de sanidade non foi quen de aclarar se o novo plan procuraría a integración dos dispositivos asistenciais no SERGAS, tampouco cómo se van financiar dende 2011, nin cantos anos vai durar o novo plan nin de que orzamento vai dispoñer en cada exercicio.

Tampouco naquela comparecencia proporcionou unha valoración sobre o plan 2007-2009 ampliado a 2010.

Achegándose o fin do exercicio, e non tendo ningunha nova sobre a situación do Plan de drogas galego que debería entrar en vigor dentro de tres meses, é polo que presentamos a seguinte INTERPELACIÓN:

1- Cándo ten previsto o Goberno galego realizar unha avaliación do actual "Plan de Galicia sobre drogas" e informar desta avaliación ao Parlamento galego e profesionais e entidades e concellos afectados?

2- Cándo ten previsto o Goberno galego presentar o novo Plan galego sobre drogas?

3- Vai procurar o novo Plan a integración no SERGAS dos dispositivos de asistencia actualmente xestionados por concellos e asociacións?

4- Qué sistema de financiamento dos dispositivos actuais ten previsto o novo Plan?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52712
Data envio: 15/10/2010 14:06:17.195

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5- Cantos anos de duración terá o novo Plan e que previsión orzamentaria terá para cada exercicio?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/10/2010 13:52:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2010 10:00
Nº Rexistro: 52725
Data envio: 15/10/2010 18:41:57.658

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª José Caride Estévez, Ismael Rego González, Abel Losada Álvarez, José Manuel Gallego Lomba e Xoaquín Mª Fernández Leiceaga, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O DOG de 15 de Outubro de 2010, publica a Orde pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2010. Nesta orde se especifica que os expedientes de modificacións que afecten os capítulos VI e VII, terán como data límite de entrada na Dirección Xeral de Orzamentos o día 15 de Outubro de 2010. Esta decisión da Xunta ven de alterar substancialmente o contexto do ano anterior na que o peche de exercicio era do 13 de novembro, así como a pauta común de anteriores exercicios como o 2008 onde este límite de peche de exercicio era o 15 de decembro.

Ante esta situación e o recoñecemento por parte da Xunta de que non permitirá ningunha autorización de gasto para investimentos e transferencias de capital a partir do 15 de Outubro a pesar da paralización do investimento que leva acometido a Xunta durante estes 18 meses de goberno, a deputada e os deputados interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son as causas é as consecuencias de pechar o exercicio de 2010 dous meses e medio antes de que remate?
2. Que consecuencias terá esta decisión sobre o investimento público?
3. Pensa o Goberno que é responsable bloquear o orzamento en plena crise económica?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2010

Asdo.: Mª José Caride Estévez
Ismael Rego González
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2010 10:00
Nº Rexistro: 52725
Data envio: 15/10/2010 18:41:57.658

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María José Caride Estévez na data 15/10/2010 18:40:52

Ismael Rego González na data 15/10/2010 18:40:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/10/2010 18:41:03

José Manuel Gallego Lomba na data 15/10/2010 18:41:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2010 18:41:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 09:42
Nº Rexistro: 52730
Data envio: 18/10/2010 09:42:33.269

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, **Sonia Verdes Gil**, **Silvia Fraga Santos** e **Carmen Cajide Hervés**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

Os ríos de Galicia veñen sufrindo sistematicamente varias agresións ambientais que derivan en graves problemas de sobreexplotación e de calidade das augas. Estes problemas inciden directamente na perda de biodiversidade, na desaparición de especies autóctonas tanto flora como fauna e na merma das especies sometidas a explotación.

E tarefa dos gobernos manter unha pesca sostible cunha xestión racional e ordenada que poida asegurar o mantemento das poboacións sometidas a explotación e que en moitos casos e por diversas causas teñen sufrido un acusado descenso.

Para elo é necesario ter inventarios das poboacións piscícolas como paso previo para a elaboración de plans de ordenación e de xestión que regularán os aproveitamentos nos ríos.

Estes plans de ordenación e de xestión teñen que incluír medidas de repoboación; medidas de superación de obstáculos por parte das especies migradoras, como a construción de escalas; traballos de adecuación das marxes; construción de pasos ou pontes para facilitar o tránsito dos usuarios do río; limpeza de frezadeiros para facilitar a labor dos reprodutores, construción de canles para a adaptación das especies coas que se vai repoboar, etc.

A investigación e outra das ferramentas dunha xestión sostible da pesca nos ríos que deben levar a cabo os gobernos. Os estudos xenéticos das especies autóctonas, estudos de poboación, estudos taxonómicos, xunto cos inventarios piscícolas e os atlas confeccionados sobre diversas especies axudarán aos xestores a adoptar as mellores decisións políticas para fomentar a pesca sostible e a conservación dos ríos galegos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 09:42
Nº Rexistro: 52730
Data envio: 18/10/2010 09:42:33.269

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

As políticas de control sobre o cumprimento das normas, o seguimento dos programas e plans implantados e unha axeitada formación do conxunto da cidadanía, coa colaboración coas federacións de pescadores e formación específica para o persoal da Administración completan o abano de políticas a levar a cabo para o resultado dunha pesca sostible.

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son os inventarios piscícolas que están realizados?

2. Que plans de repoboación, para que especies e con que resultados están vixentes na actualidade?

3. Cales son os plans de ordenación e xestión realizados e en que ríos?

4. Que estudos de investigación se están realizando? Ten previsto o Goberno a súa publicación?

5. Como avalía o Goberno de Galicia o cumprimento das normas? Son necesarios cambios normativos ou máis políticas de información?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2010

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Sonia Verdes Gil
Silvia Fraga Santos
Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Gallego Calvar na data 18/10/2010 9:40:15

Sonia Verdes Gil na data 18/10/2010 9:40:18

Silvia Belén Fraga Santos na data 18/10/2010 9:40:22

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 09:42
Nº Rexistro: 52730
Data envio: 18/10/2010 09:42:33.269

Grupo Parlamentario

Maria del Carmen Cajide Herves na data 18/10/2010 9:40:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:07
Nº Rexistro: 52775
Data envio: 18/10/2010 18:07:13.317

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajes, **María José Caride Estévez**, **José Manuel Gallego Lomba** e **Francisco Cerviño González**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Xunta de Galicia acaba de resolver renunciar á celebración do contrato do seguro colectivo de accidentes no mar alegando, entre outras cousas "razóns de interese público, fundamentadas no actual escenario de recortes no gasto público" ou que "Esta situación obriga a seleccionar e priorizar os gastos ... non podendo acometerse, por falta de financiamento, determinados gastos que non estean afectos a servizos e investimentos de carácter básico"

O seguro que a Consellería do Mar acaba de eliminar, en aras a aforrar un millón dous centos mil euros (consignados nos orzamentos da comunidade autónoma para este ano) estaba destinado a cubrir os riscos de morte e invalidez permanente en todos os seus graos, devidos no desenvolvemento das funcións do asegurado como consecuencia de accidente laboral e *in itinere*, ou en accións de busca, rescate ou auxilio de embarcacións ou os seus tripulantes en perigo. Establecía, tamén, axudas e bolsas de estudos para os fillos dos asegurados e, subsidiariamente, a cobertura dos gastos de repatriación e traslado dos falecidos e de enterro.

Ademais prestaba axuda psicolóxica durante un período de tempo determinado aos familiares dun asegurado desaparecido ou falecido e o desprazamento e atención a familias de desaparecidos no caso de que teñan que trasladarse ata o lugar de busca.

En canto aos asegurados, entendíase como tales os tripulantes galegos de calquera embarcación pesqueira, debidamente enrolados e con independencia do seu abandeiramento, así como os mariñeiros non galegos que coticen no Réxime Especial do Mar da Seguridade Social, incluídos no TC2 dun buque pesqueiro con porto base en Galicia. Ademais, o seguro comprendía aos mariscadores, con autorización da Consellería de Pesca, no desempeño lícito da súa actividade; traballadores de viveiros flotantes radicados na nosa comunidade autónoma; e persoal da Cruz Vermella de Galicia cando actuasen en tarefas de rescate e salvamento no mar nas nosas augas.

Máis en concreto, as coberturas contratadas eran as seguintes:

FALECEMENTO

INVALIDECES: parcial, total profesional, absoluta e gran invalidez.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:07
Nº Rexistro: 52775
Data envio: 18/10/2010 18:07:13.317

AXUDAS: para estudos, gastos de gardería ou preescolaridade para os orfos ou fillos dos accidentados en grao de invalidez absoluta ou gran invalidez.

No caso de non teren outras coberturas:

-Gastos de enterro.
-Gastos de traslado ou repatriación do cadaleito.

Queda cuberto coas mesmas garantías os accidentes ocorridos *"en itinere"* e o infarto de miocardio cando sexa cualificado como accidente laboral.

Os desaparecidos, terán a consideración de falecidos, no prazo de tres meses a partir da data do suceso.

No caso de quedar en cadeira de rodas cubrirase a adaptabilidade do fogar e o vehículo.

BENEFICIARIOS

1) A propia persoa asegurada cando a consecuencia do accidente sexa unha invalidez.
2) A viúva ou viúvo do asegurado cando este estivese casado.
3) Os pais, se o falecido fose solteiro, viúvo, separado ou divorciado, sen fillos.
4) Os fillos determinados legalmente, no caso no que o falecido fose solteiro, viúvo, separado ou divorciado, con eles.
5) Os herdeiros legais, nos demais casos.
6) Das axudas e bolsas por estudos, os beneficiarios serán os fillos determinados legalmente.

IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS

INDEMNIZACIÓN POR FALECEMENTO

Situación da persoa asegurada:

a) Sen fillos ao seu cargo:

Solteiro, viúvo, divorciado ou separado, sen cargas familiares.....3.400 €
Solteiro, viúvo, divorciado ou separado, con cargas familiares.....6.800 €

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:07
Nº Rexistro: 52775
Data envio: 18/10/2010 18:07:13.317

b) Casado, sen fillos 10.200 €

c) Casado, solteiro, viúvo, divorciado, ou separado con fillos ata 24 anos:

Con un fillo	17.000 €
Con dous fillos	24.000 €
Con tres ou máis fillos	30.000 €

INDEMNIZACIÓN POR INVALIDEZ

Invalidez permanente parcial, a porcentaxe sobre	20.400 €
Invalidez permanente total para a profesión	13.600 €
Invalidez permanente absoluta para todo traballo	20.400 €
Grande invalidez	30.600 €

AXUDAS E BOLSAS DE ESTUDOS

De 0 a 4 anos	(ano por fillo)	790 €
De 4 a 22 anos	(ano por fillo)	1.325 €
Estudos universitarios ata os 24 anos.....	(ano por fillo)	1.988 €

No caso de discapacidade física ou psíquica superior ao 33% a cantidade elévase ata os 2.650 € /ano.

O seguro colectivo de accidentes no mar foi posto en marcha polo conselleiro López Veiga, e ampliado pola conselleira, Carmen Gallego, que o estendeu aos inmigrantes enrolados na nosa flota e negociou novas prestacións e cláusulas que se foron incorporando en base a experiencia adquirida ao longo de anos de aplicación do mesmo.

Hoxe, logo de que se houbese procedido á convocatoria por procedemento aberto, da renovación deste seguro, outra vez atopámonos cunha decisión que é norma de conduta deste goberno. Primeiro convocamos, logo non resolvemos e logo anulamos todo o proceso e mesmo, como é o caso, desmantelamos un instrumento de solidariedade en aras a unha falsa austeridade. A mesma austeridade que non impide mercar un vehículo novo para a propia conselleira ou que esteamos destinando cartos a esportas para publicidade e propaganda.

Esta é a segunda decisión desta Consellería que afecta ao propio corazón da seguridade dos homes e mulleres do mar. A primeira foi a renuncia a dotar a Galicia dunha nova base de salvamento e dun helicóptero, que mellorase as condicións de seguridade dos homes e mulleres que traballan no mar. A segunda é esta que incide, directamente, na resolución de problemas en momentos moi

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:07
Nº Rexistro: 52775
Data envio: 18/10/2010 18:07:13.317

delicados para quen ten a desgraza de sufrir un accidente no mar -a veces a moitos miles de millas das costas de Galicia- e, tamén, para a propia Administración que, por unha cantidade ridícula, presta un gran servizo á sociedade en momentos de gran carga emocional para as persoas e para o conxunto da sociedade.

Por todo iso, as deputadas e os deputados que asinamos esta iniciativa, interpelamos a Sra. conselleira do Mar nos seguintes termos:

1.ª) Sobre a base de que principio económico ou político se tomou a decisión de renunciar a dispor dun seguro colectivo de accidentes no mar, que daba cobertura os milleiros de homes e mulleres que conforman o sector pesqueiro galego?

2.ª) Cal é o criterio para priorizar os recortes de gasto da Consellería do Mar?

3.ª) Por que se convocou a renovación do seguro a que facemos referencia se había intención de anulalo?

4.ª) Canto nos vai custar a indemnización ás empresas que se presentaron ao concurso e que agora se atopan con que o traballo feito non serve para nada, por decisión da propia Administración convocante?

5.ª) Que pensa facer a Sra. conselleira para dar cobertura e apoio aos traballadores, e ás súas familias, que teñan a desgraza de sufrir un accidente no mar?

6.ª) Que capítulo ocupan decisións como estas na filosofía que quere impoñer a Sra. conselleira de "dignificar a profesión", "sentir o orgullo de vivir e traballar no mar", ou aquela outra de "achegar esta profesión á sociedade?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2010

Asdo: Marisol Soneira Tajes
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 18:07
Nº Rexistro: 52775
Data envio: 18/10/2010 18:07:13.317

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajes na data 18/10/2010 18:02:34

María José Caride Estévez na data 18/10/2010 18:02:40

José Manuel Gallego Lomba na data 18/10/2010 18:02:50

Francisco Cerviño González na data 18/10/2010 18:03:00

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:26
Nº Rexistro: 52880
Data envio: 19/10/2010 13:26:35.379

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa á creación da figura de Auxiliar de Conversación.

O Goberno galego participa no programa "Auxiliares de Conversa Ministerio de Educación-Consellaría de Educación da Comunidade de Galiza". Este programa enténdese como un programa de formación para as persoas seleccionadas como bolseiras para participar no mesmo. Asemade estas persoas realizaran función de lectores durante un mínimo de 12 horas semanais nos centros docentes onde realizan as súas prácticas. Como bolseiras que son, percibirán a cantidade de 700 euros en concepto de bolsa de estudios. Neste sentido: "la prestación de este servicio tienen como finalidad la formación continua de los auxiliares de conversación, mejorando su conocimiento de la lengua y cultura española, a través de la realización de prácticas de comunicación oral de Inglés con el alumnado del centro educativo asignado".

O responsábel máximo da Consellaría de Educación do Goberno galego informou mediante comunicación escrita, o 12 de xullo de 2010, ás persoas que foron seleccionadas para participar neste programa, que "su contenido versa sobre la enseñanza de la lengua inglesa a hablantes de español como lengua materna".

Ante a inconcreción da que este programa presenta, formulase a seguinte Interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:26
Nº Rexistro: 52880
Data envio: 19/10/2010 13:26:35.379

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que funcións desenvolverán os auxiliares de conversa nos centros educativos galegos?
2. Como quedan comprometidos os centros para mellorar o coñecemento da lingua española das persoas becadas?
3. O coñecemento da lingua galega queda esquecido?
4. Como se seleccionará o alumnado de lingua materna o español?
5. O alumnado con lingua materna galega ficará fora do programa?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 19/10/2010 13:22:07

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:56
Nº Rexistro: 52888
Data envio: 19/10/2010 13:56:16.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro e **María Tereixa Paz Franco**, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte INTERPELACIÓN.

Actualmente, a superficie total de espazos protexidos pola Rede Natura 2000 en Galiza supón pouco máis do 12% do noso territorio. Esta porcentaxe sitúanos á cola en superficie protexida, despois de Ceuta e Melilla, e a dez puntos da media estatal. A propia Unión Europea ten advertido da insuficiencia desa porcentaxe instando a incrementar os espazos protexidos.

O Presidente Feijoó comprometeuse en sede parlamentar a ampliar os espazos protexidos na Galiza . Mais, a día de hoxe, descoñecemos cal vai ser a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 que defende o Goberno galego e, evidentemente, sigue sen facerse efectiva a prometida ampliación.

Os nacionalistas consideramos necesario incrementar a superficie protexida da Galiza, posto que existen espazos naturais que deben ser obxecto de protección e conservación para xeracións futuras. Deseñando, ao tempo, unha política que converta nun activo económico o feito de ter zonas protexidas.

Polo exposto, formulamos a seguinte Interpelación:

1. Que porcentaxe do territorio galego se marca como obxectivo o Goberno integrar na Rede Natura?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:56
Nº Rexistro: 52888
Data envio: 19/10/2010 13:56:16.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Cales son os espazos que pensa o Goberno galego incluír nesa ampliación?

3. Prevese a creación de corredores ecolóxicos que permitan unha conexión entre os diferentes espazos que integran a rede natura?

4. Que medidas pensa o Goberno galego por en marcha para que os espazos incluídos na Rede Natura se convertan en activos económicos?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro
María Tereixa Paz Franco
Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 19/10/2010 13:55:04

María Tereixa Paz Franco na data 19/10/2010 13:55:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 17:00
Nº Rexistro: 52901
Data envio: 19/10/2010 17:00:22.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN,** relativa ao incumprimento dos compromisos sobre criterios de contratación de software do Goberno galego.

En xuño de 2009, os medios de comunicación daban conta da adxudicación dun contrato de licenzas de software para a Administración galega á compañía Microsoft Ireland Operations Limited por valor de máis de 2 millóns de euros a través dun procedemento sen publicidade.

O Grupo do BNG demandou do Goberno galego unha explicación polas dúbidas sobre a oportunidade de que unha adxudicación deste importe se puidera realizar a través dun procedemento sen publicidade. Pero sobre todo porque aquela adxudicación representaba unha contradición clara co programa electoral do Partido Popular e co propio discurso de investidura do Presidente en dous aspectos, na aposta pola austeridade e no compromiso co software libre.

En resposta a esta demanda, na liña de externalizar responsabilidades que caracteriza a política de comunicación do PP e o actual Goberno galego, o Conselleiro da Presidencia responsabilizou ao goberno anterior deste contrato e comprometeuse a utilizar o tempo de validez das licenzas para substituír o software privativo por software de estándares abertos e dentro do posíbel desenvolto en Galiza como aposta estratéxica polo desenvolvemento industrial do País.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 17:00
Nº Rexistro: 52901
Data envio: 19/10/2010 17:00:22.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe mesmo, aparece nos medios, a contratación de licenzas con Microsoft por 4 millóns de euros por parte do Goberno galego.

Esta contratación supón un incumprimento claro dos compromisos electorais do PP pero, tamén, dos compromisos feitos en sede parlamentar polo Conselleiro e a Secretaria xeral, e demostra que o seu discurso de apoio ao software libre e á industria galega de desenvolvemento de software é mentira.

Resulta especialmente escandaloso que se faga coincidir ca presentación do proxecto de lei de orzamentos para 2011 que propón unha redución de 1/3 do investimento en I+D do Goberno Galego.

Esta situación leva ao BNG a presentar a seguinte INTERPELACIÓN:

1ª) Cál é o motivo de que o Goberno galego contrate con Microsoft licenzas de uso de software por valor de 4 millóns de euros incumprindo os compromisos realizados de apoio ao software de estándares abertos?

2ª) Cal é o motivo de que o Goberno galego desbote o uso de software alternativo de acceso gratuíto, desenvolto con estándares abertos ou en calquera caso contrate a empresas galegas con capacidade sobrada para desenvolvelo, o que convertiría este gasto público nun investimento produtivo en Galiza?

3ª) Pensa o Goberno galego que este contrato é unha mostra de austeridade da Administración en tempo de crise?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 17:00
Nº Rexistro: 52901
Data envio: 19/10/2010 17:00:22.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4ª) Supón este contrato unha mostra do que o Goberno galego considera as ferramentas para modernizar a Administración galega polo uso das TIC?

5ª) Supón este contrato unha mostra do que o Goberno galego considera unha aposta polo software de estándares abertos e o apoio ao tecido produtivo galego no sector das TIC?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 19/10/2010 16:57:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52644
Data envio: 14/10/2010 19:12:33.007

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago e **Teresa Táboas Veleiro,** deputado e deputadas pertencentes ao **GRUPO PARLAMENTAR DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte **PREGUNTA,** para a sua resposta en **Pleno**, relativa á anulación do vial de conexión da AP-9 e a A-6 en Cambre.

O pasado 14 de xullo, durante unha visita á comarca d'A Coruña, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, avanzou que a Vía Ártabra estará rematada en 2012. Con relación ao treito da Vía Ártrabra que atravesa o Concello de Cambre e que conecta esta nova vía coa AP-9 e A-6, o Conselleiro comprometeuse daquela a "traballar co Concello e cos viciños para consensuar un trazado que minimice as afeccións."

Mais as cousas deberon mudar á volta do verán. Despois de manter unha reunión co Conselleiro, o candidato do PP á alcaldía de Cambre (que neste momento non é nin tan sequer concelleiro) anunciou que chegara a un acordo co titular da MATI para eliminar o novo vial que a conectaría coa A-6 e a AP-9. Debe non obstante repararse en que este vial que agora seica se vai eliminar afecta a unha finca propiedade do candidato popular de Cambre, quen xa formulara as pertinentes alegacións en defensa do seu interese particular.

Tal e como denunciaron os alcaldes de Cambre, Oleiros, Sada, Bergondo e Culleredo a eliminación do novo vial de conexión da A-6 e da AP-9 coa Vía Ártabra deixaría esta sen sentido, ao desembocar nunha N-VI que xa está colapsada, anulando na prática o plano viario comarcal consensuado entre os Concellos da comarca, a Xunta de Galiza e a Deputación d'A Coruña.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52644
Data envio: 14/10/2010 19:12:33.007

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os que pensabamos que a anulación deste vial de conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6 era unha simples ocorrencia do Sr. Rivas, candidato popular en Cambre, enganámonos. Onte, durante a súa comparecencia para explicar os recortes no Plan MOVE, o Sr. Agustín Hernández confirmou que a Xunta anulou este vial, privando deste xeito á futura A-8 de grande parte da súa virtualidade.

Así as cousas, formúlase a seguinte cuestión:

Porque anula a MATI o vial de conexión da Vía Ártabra coa AP-9 e a A-6?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

Ana Luisa Bouza Santiago

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/10/2010 19:06:23

Ana Luísa Bouza Santiago na data 14/10/2010 19:06:26

Teresa Táboas Veleiro na data 14/10/2010 19:06:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52651
Data envio: 14/10/2010 19:41:45.692

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, **María Carmen Cajide Hervés**, **Silvia Fraga Santos** e **Carmen Gallego Calvar**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Consellería do Medio Rural resolvía o pasado 5 de outubro de 2010 a adxudicación provisional do contrato para a elaboración do borrador dunha nova Lei de caza de Galicia.

Resultou adxudicataria a empresa Manzano, Lamela, Vinagre y Asociados, SL, cun orzamento de 48.380,00 euros.

A adxudicación definitiva producirase nos próximos 10 días hábiles, despois de que expire o prazo de 15 días hábiles, para que a empresa adxudicataria acredite o cumprimento das obrigas que figuran no Prego de cláusulas administrativas particulares e constitúa a garantía definitiva de 2050,00 euros na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

A devandita resolución da Consellería do Medio Rural confirma a intención do Goberno galego de promover un cambio normativo na vixente Lei de caza de Galicia, para aprobar unha nova Lei.

Por ese motivo as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que cambios normativos contempla o Goberno galego introducir coa aprobación dunha nova Lei de caza?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2010

Asdo: Sonia Verdes Gil
María Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Carmen Gallego Calvar
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 14/10/2010 19:38:50

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52651
Data envio: 14/10/2010 19:41:45.692

Grupo Parlamentario

Maria del Carmen Cajide Herves na data 14/10/2010 19:39:03

Silvia Belén Fraga Santos na data 14/10/2010 19:39:10

Carmen Gallego Calvar na data 14/10/2010 19:39:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52656
Data envio: 15/10/2010 09:16:27.930

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, Mar Barcón Sánchez, María Quintas Alvarez e Carmen Gallego Calvar, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O presidente anunciou o pasado mes de setembro, a determinación da Xunta de Galicia de rematar co convenio con RENFE para o mantemento de determinados servizos ferroviarios que afectan de xeito fundamental a diversos tramos galegos. Fundamentalmente os comprendidos entre Ourense co límite da nosa Comunidade Autónoma; entre Coruña e Ferrol e o traxecto Coruña – Lugo – Monforte.

Non deixa de sorprender dita afirmación cando se compara ca actuación levada a cabo en épocas anteriores, incluído o período en que o actual Presidente da Xunta de Galicia tivo responsabilidades como conselleiro e vicepresidente no goberno autonómico. Durante ese tempo, a Xunta de Galicia comezou a subvencionar, non xa sómente aos servizos ferroviarios, senón incluso chegou mesmo a financiar obras de infraestrutura ferroviaria que corresponderían realizar en exclusiva á Administración central, deixando comprometido fondos importantes para exercicios futuros.

En efecto, basta acudir aos diferentes orzamentos da Xunta de Galicia, para contemplar as diversas cantidades consignadas para estes convenios sobre temas ferroviarios. Así durante o período 2003 a 2005, os importes deses convenios ascenden a 47,5 millóns de euros. Mentres que os compromisos nos anos 2006 a 2009 – ao marxe da achega para o mantemento de determinados servizos ferroviarios – e como consecuencia de facer fronte aos compromisos adquiridos con anterioridade - supuxeron outros 23,5 millóns de euros.

Todo elo como consecuencia do convenio asinado entre o Presidente da Xunta de Galicia Manuel Fraga e o Ministro de Fomento Álvarez – Cascos a finais do ano 2000 e polo que a propia Xunta de Galicia comprometíase a

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52656
Data envio: 15/10/2010 09:16:27.930

financiar obras ferroviarias para varias anualidades futuras, por importe de 180 millóns de euros.

Así o Sr, Núñez Feijóo directamente xestionou e comprometeu fondos con destino a cuestións ferroviarias por importe de máis de 80 millóns de euros, unha vez deducidos dos importes devanditos os que corresponden á subvención realizada polo goberno anterior para financiar diversos servizos ferroviarios acordados entre a Xunta de Galicia e Renfe – Operadora, e os cales, por certo, o goberno actual decidiu prorrogar para 2010.

As afirmacións actuais do Presidente de que resulta máis económico poñerlles un servizo de transporte por estrada aos afectados, contradín as súas propias manifestacións realizadas con anterioridade. Ante unha situación fundamentalmente similar en relación aos servizos de transporte ferroviario, teñen unha resposta ben distinta na actualidade e durante os anteriores gobernos autonómicos do Partido Popular, cando decidiron implantar e financiar este tipo de cuestións.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

Que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia de cara a renovación do convenio con Renfe para o mantemento de determinados servizos ferroviarios?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2010

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Mar Barcón Sánchez
María Quintas Alvarez
Carmen Gallego Calvar
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 15/10/2010 9:08:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52656
Data envio: 15/10/2010 09:16:27.930

Grupo Parlamentario

Mar Barcón Sánchez na data 15/10/2010 9:08:51

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/10/2010 9:08:57

Carmen Gallego Calvar na data 15/10/2010 9:09:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:40
Nº Rexistro: 52676
Data envio: 15/10/2010 10:40:35.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlmento

María Tereixa Paz Franco, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á execución do convenio para o desenvolvemento do plan piloto da lei de desenvolvemento rural sustentábel.

O pasado 9 de decembro asinouse un convenio entre a Consellaría de Medio Rural e o MARM en aplicación dun programa piloto de desenvolvemento rural sustentábel.

O antedito convenio dotado con 17 millóns de euros, cofinanciado ao 50% polas dúas administracións asinantes, ten unha vixencia até o 31 de decembro de 2010 e, no seu articulado, establecese que as actuacións incluídas neste deben estar finalizadas e xustificadas antes do 30 de novembro de 2010.

A día de hoxe, cando só fica un mes e medio para que as obras incluídas no anexo II do Convenio teñan que estar executadas, estas aínda non foron iniciadas. Esta situación, a xuízo deste grupo parlamentar, é moi preocupante xa que compromete a posibilidade de acometer estas infraestruturas tan necesarias no medio rural e que en moitos casos suponse, segundo palabras do propio goberno, viñan a substituír obras incluídas nos plans especiais de infraestruturas vitivinícolas nas denominacións de orixe anuladas polo actual goberno e que deberan estar executas no ano 2009.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 10:40
Nº Rexistro: 52676
Data envio: 15/10/2010 10:40:35.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera este Grupo Parlamentar que ademais é unha actitude irresponsábel que o Goberno galego que vive laiándose permanentemente da merma das achegas do Estado, pola súa neglixencia e deficiente xestión poida comprometer o investimento de 8,5 millóns de euros achegados polo Ministerio.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Conselleiro do Medio Rural:

Como valora vostede o retraso na tramitación dos expedientes das actuacións incluídas no anexo II do convenio asinado co Ministerio o 9 de decembro de 2009?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2010.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 15/10/2010 10:39:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 12:21
Nº Rexistro: 52687
Data envio: 15/10/2010 12:21:49.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza e **Carme Adán Villamarín**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte **Pergunta** para a sua resposta **oral en Pleno**, sobre a situación do CEIP "Novo Arteixo".

O coidador que desde principio de curso atendía ao alumnado con necesidades especiais, algúns deles con retraso ciclomotor e minusvalías superiores ao 40%, no CEIP "Novo Arteixo" foi retirado pola Xunta sen previo aviso nin negociación coas nais e pais afectados. Diante desta situación as familias de catro destes rapaces decidiron deixar de enviar os cativos ao centro entanto esta carencia non se solucione ao entenderen que os seus fillos e fillas non teñen a atención que precisan. As declaracións dun portavoz da Consellaría no sentido de que os nenos teñen a súa atención garantida indigna especialmente aos pais e nais afectados que afirman que se os nenos están coidados é precisamente por estaren atendidos polos seus proxenitores.

Así as cousas, formúlase a seguinte cuestión:

Porque razón a Consellaría de Educación retirou o coidador do CEIP "Novo Arteixo"?

Santiago de Compostela, a 15 de Outubro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 12:21
Nº Rexistro: 52687
Data envio: 15/10/2010 12:21:49.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Deputado do G.P. do BNG

Ana Luisa Bouza Santiago

Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/10/2010 12:20:28

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/10/2010 12:20:31

María do Carme Adán Villamarín na data 15/10/2010 12:20:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 12:49
Nº Rexistro: 52696
Data envio: 15/10/2010 12:49:34.252

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, **Alfredo Suárez Canal** e **María Tereixa Paz Franco**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Non é a primeira vez que o Conselleiro de Educación recorre a faltar á verdade para xustificar unha resposta en sede parlamentar. Na sesión plenaria de onte novamente volveu a ocorrer este feito.

Para xustificar o desaloxo do IES de Celanova da súa actual ubicación no mosteiro de Celanova, o señor Conselleiro de Educación falou dunha situación no centro de ensino que nalgunha das súas afirmacións non responden á realidade.

Pero ademais, para xustificar o desaloxo utilizou unha argumentación de carencias no actual claustro do Poleiro, que deberían estar motivadas nalgún informe. Como somos coñecedores que o Conselleiro non mantivo ningún contacto coa comunidade educativa do centro para contrastar as súas afirmacións, temos que supoñer que contan con algún informe dalgún responsábel técnico da Consellaría. De non ser así, estariamos ante un conselleiro moi osado que descualifica a actual ubicación dun centro de ensino sen contar nin con informes nin con contactos coa comunidade educativa do centro. O que levaría a pensar que mais que como Conselleiro de Educación está actuando como militante do partido.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 12:49
Nº Rexistro: 52696
Data envio: 15/10/2010 12:49:34.252

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parece incríbel que un conselleiro de Educación faga as afirmacións que fixo no Parlamento, descualificando o actual emprazamento do IES de Celanova, e non teña a valentía de contar coa opinión da comunidade educativa do centro ou visitar o mesmo para comprobar "in situ" que algunhas das súas afirmacións son falsas.

Aínda mais, si a xustificación para trasladar o centro da súa actual ubicación foron os argumentos que deu na sesión plenaria, debería ser consciente que algúns dos máis importantes recintos dos centros que teñen maior antigüidade das cidades de Galiza terían que ser trasladados.

Parece lóxico pensar que as afirmacións do Conselleiro, que non se compadecen coa realidade e non están contrastadas coa comunidade educativa do centro, motiven interrogantes sobre a base en que sustentou o Conselleiro as súas afirmacións e quen é o responsábel que asinou o informe que motivou a contestación do Conselleiro, ou se non hai tal informe.

Pero parece evidente que o Conselleiro debe saber que o Centro conta con ascensor dende hai moito tempo e a rampla de entrada para evitar as escaleiras é unha actuación mínima que debería ter abordado a Consellaría xa hai tempo e, en calquera caso, é unha actuación mínima como en tantos centros se ten feito e noutros moitos que aínda queda por facer, pero que en ningún caso foi impedimento para que persoas con minusvalías ou accidentadas puidesen acceder ao centro.

Conta o Centro cunha biblioteca esplendorosa na que ademais os rapaces poden estudar e, por suposto, con claustros anexos e pasillos ben amplos que poden actuar de espazo de recreo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 12:49
Nº Rexistro: 52696
Data envio: 15/10/2010 12:49:34.252

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, a actuación do Conselleiro, sen contar coa comunidade educativa do centro, pon en evidencia que estamos ante unha persoa que ostentando a responsabilidade máxima da educación en Galiza actúa de costas á comunidade educativa. Esquecendo que a educación ademais de contido é continente e, dende logo, non pode haber finalidade máis nobre para valorizar o claustro do Poleiro que o uso educativo.

Por todo, presentamos a seguinte pregunta:

As afirmacións do Conselleiro de Educación no Pleno do Parlamento galego do día 13 de outubro de 2010, desautorizando a actual ubicación do IES de Celanova como adecuada, proveñen dun informe da comunidade educativa do centro e da súa dirección?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Alfredo Suárez Canal
María Tereixa Paz Franco
Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 12:49
Nº Rexistro: 52696
Data envio: 15/10/2010 12:49:34.252

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 15/10/2010 12:47:53

Alfredo Suárez Canal na data 15/10/2010 12:47:57

María Tereixa Paz Franco na data 15/10/2010 12:48:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52715
Data envio: 15/10/2010 14:07:30.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao contido e prazos de presentación do novo Plan galego de Drogas por parte do Goberno galego.

O "Plan de Galicia sobre drogas 2007-2009" sigue actualmente en vigor xa que foi ampliado por un ano polo Goberno galego co compromiso de presentar ao longo do ano 2010 un novo Plan.

Ao longo deste ano 2010 o BNG ten levado ao Parlamento galego a preocupación pola continuidade dos dispositivos e pola falta de clareza e de compromiso do Goberno galego. Temos plantexado modificacións orzamentarias e resolucións específicas no debate do estado da Nación que foron rexeitadas polo Partido Popular así como varias preguntas ao Goberno.

A realidade actual dos dispositivos de prevención e asistencia, que xestionan Concellos e Asociacións sen ánimo de lucro, que involucra o traballo de centos de profesionais e que atenden a milleiros de cidadás e cidadáns galegos é dun paulatino abandono:

- Empeora a interlocución coa administración e a coordinación entre os dispositivos.
- Recórtase o financiamento nun momento de crise económica tamén para Concellos e Asociacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52715
Data envio: 15/10/2010 14:07:30.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Descoñécese o plan de futuro previsto dende o Goberno galego para os dispositivos e a integración da asistencia no SERGAS parece cada día mais lonxe.

En comparecencia na Comisión 5ª para responder sobre as orientacións do futuro Plan, o representante da Consellería de Sanidade non foi quen de aclarar se o novo plan procuraría a integración dos dispositivos asistenciais no SERGAS, tampouco cómo se van financiar dende 2011, nin cantos anos vai durar o novo plan nin de que orzamento vai dispoñer en cada exercicio.

Tampouco naquela comparecencia proporcionou unha valoración sobre o plan 2007-2009 ampliado a 2010.

Achegándose o fin do exercicio, e non tendo ningunha nova sobre a situación do Plan de drogas galego que debería entrar en vigor dentro de tres meses, o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o Goberno galego presentar o novo Plan Galego sobre drogas?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52715
Data envio: 15/10/2010 14:07:30.928

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/10/2010 14:04:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2010 10:00
Nº Rexistro: 52727
Data envio: 15/10/2010 18:42:52.876

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Mª José Caride Estévez, Ismael Rego González, Abel Losada Álvarez, José Manuel Gallego Lomba e Xoaquín Mª Fernández Leiceaga, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG de 15 de outubro de 2010, publica a Orde pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2010. Nesta orde se especifica que os expedientes de modificacións que afecten os capítulos VI e VII, terán como data límite de entrada na Dirección Xeral de Orzamentos o día 15 de Outubro de 2010. Esta decisión da Xunta ven de alterar substancialmente o contexto do ano anterior na que o peche de exercicio era do 13 de novembro, así como a pauta común de anteriores exercicios como o 2008 onde este límite de peche de exercicio era o 15 de decembro.

Ante esta situación e o recoñecemento por parte da Xunta de que non permitirá ningunha autorización de gasto para investimentos e transferencias de capital a partir do 15 de Outubro a pesar da paralización do investimento que leva acometido a Xunta durante estes 18 meses de goberno, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as consecuencias de pechar o exercicio de 2010 dous meses e medio antes de que remate?

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2010

Asdo.: Mª José Caride Estévez
Ismael Rego González
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2010 10:00
Nº Rexistro: 52727
Data envio: 15/10/2010 18:42:52.876

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

María José Caride Estévez na data 15/10/2010 18:40:04

Ismael Rego González na data 15/10/2010 18:40:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/10/2010 18:40:13

José Manuel Gallego Lomba na data 15/10/2010 18:40:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2010 18:40:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 17:11
Nº Rexistro: 52769
Data envio: 18/10/2010 17:11:15.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Henrique Viéitez Alonso**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a desatención do ensino público de Vigo.

Despois da presentación pública da adxudicación de centros para o proxecto ABALAR puidemos comprobar como os centros públicos de Vigo eran discriminados fronte ao ensino concertado. Posteriormente tres centros públicos da cidade sufriron o recorte da Educación Permanente de Adultos e, na totalidade dos centros, vívese unha importante eliminación de prazas de docentes.

A esta situación temos que engadirlle o compromiso adoptado pola Consellaría de Educación de arranxar cinco comedores escolares, que sofren graves carencias, durante o exercicio de 2010. En concreto os comedores dos centros CEIP PINTOR LAXEIRO, CEIP O POMBAL, CEIP ILLAS CÍES, CEIP BALAIDOS e CEIP OTERO PEDRAIO. Mais a realidade é que soamente neste último centro se realizaron as obras comprometidas, polo tanto, os catro restantes agardan polo inicio das mesmas. Esta situación non é entendida pola comunidade educativa que puido comprobar como se fixo un anuncio propagandístico por parte dos responsábeis do Goberno galego, e incluso se consignaron fondos económicos para o exercicio de 2010, e na actualidade os comedores fican sen as reformas necesarias para poder garantir un normal desenvolvemento da súa actividade. A isto súmase a lóxica preocupación que implica que a inexecución destes fondos poida privar da posibilidade de efectuar estas obras nun futuro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2010 17:11
Nº Rexistro: 52769
Data envio: 18/10/2010 17:11:15.334

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa por último, cómpre salientar que non se pode comprender este desleixo pola situación dos centros de ensino público de Vigo cando o baixo nivel de execución orzamentaria que a Consellaría de Educación manexa a día de hoxe no seu capítulo de investimentos supón pouco máis do 17%.

Ante estes feitos, formúlase a seguinte pregunta:

Cales foron os motivos para que non se realizaran as obras comprometidas nos colexios públicos de Vigo?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamaría
Henrique Viéitez Alonso
Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/10/2010 17:07:36

Henrique Viéitez Alonso na data 18/10/2010 17:07:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 10:01
Nº Rexistro: 52852
Data envio: 19/10/2010 10:01:39.022

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e **Teresa Táboas Veleiro,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, apresentan a seguinte **Pergunta** para a sua resposta **oral en Pleno,** relativa á autovía Carballo-Berdoias.

O cesamento da Directora Xeral de Infraestruturas e presidenta da mesa de contratación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía Carballo-Berdoias seguido da anulación do concurso deita importantes dúbidas sobre a limpeza do procedemento e sobre a eficacia e aos intereses a que serve a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dirixida por Agustín Hernández.

Surprende, en calquera caso, que o debate público sobre esta autovía xire arredor do eventual sobreprezo que a Xunta do PP estaba disposto a pagar a unha empresa concesionaria e non sobre o feito de que debido á formula contratual escollida de privatización da autovía, os galegos e as galegas imos pagar, durante os 25 anos de concesión, ao menos tres veces o seu prezo que ascende, de conformidade cos pregos contratuais, a 246,3 M€. Este é o custo que imos pagar pola decisión da Xunta de acudir á fórmula concesional no canto de construíla através dun contrato de execución de obra pública. Repárese en que de conformidade co "Plano Estratéxico" elaborado pola Xunta de Núñez Feijoo, apartir do ano 2014 a facenda galega deberá afrontar "pagamentos adiados" por un importe superior aos 550 M€, unha hipoteca para os gobernos futuros que sen embargo, grazas a un artificio contábel autorizado pola UE, non computa como défice.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 10:01
Nº Rexistro: 52852
Data envio: 19/10/2010 10:01:39.022

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non son estes os únicos problemas da fórmula escollida polo PP. Alén dun novo retraso no comezo das obras – como mínimo até o verán do próximo ano – os viciños de Bergantiños e da Costa da Morte saben que as portaxes que inicialmente están na sombra poden sair ao sol en calquera momento. Sucedeu coa autovía entre A Coruña e Carballo, na que as promesas de Fraga e Cuiña non impediron que unha vía inicialmente libre estexa agora suxeita a portaxe. Tal e como está acontecendo agora coas SCUT do norte de Portugal ben pode acontecer que a portaxe na sombra prevista nun principio para a futura autovía Carballo-Berdoias poda nun futuro próximo ter que ser pagada polos conductores que por ela circulen.

Así as cousas, formúlase a seguinte cuestión:

Por que razón escolleu a Xunta a fórmula concesional para a construción da autovía Carballo-Berdoias se esta vai supor que, no mellor dos casos, o erario público teña que pagar ao menos tres veces o prezo da obra?

Santiago de Compostela, a 18 de Outubro de 2010

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Teresa Táboas Veleiro
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 19/10/2010 9:57:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 10:01
Nº Rexistro: 52852
Data envio: 19/10/2010 10:01:39.022

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teresa Táboas Veleiro na data 19/10/2010 9:57:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 10:05
Nº Rexistro: 52854
Data envio: 19/10/2010 10:05:59.657

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Marta Valcárcel Gómez, Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla e José Fervenza Costas, Deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Illa Fillaboa encontrase no delta que conforma o río Miño co río Tea. Unha illa que conta cunha extensión de 110.000 m2 e que foi adquirida polo Concello de Salvaterra de Miño co fin de convertela nun parque natural, onde se pretende crear unha aula da natureza baseada na flora e fauna autóctonas da zona.

A Consellería de Medio Rural visitou varias veces dita illa e mostrou o seu interese neste proxecto. Estamos a falar da única illa de titularidade española do río Miño. Unha illa discutida con Portugal e adquirida fai varios anos polo Concello coa finalidade de convertela nun ben de carácter público.

Este illote de 110.000 m2 está situado nun espazo natural protexido como Ben de Interese Comunitario. 110.000 m2 que se converterán nun pulmón verde de carácter didáctico, e que servirá para completar o paraxe natural do cércano parque A Canuda, que conta con 120.000 m2. Este parque conseguiu ser un dos maiores referentes da provincia de Pontevedra na conxunción de ocio e natureza. Dende a súa ampliación o 1 de abril de 2007 visitaron as súas instalacións arredor de 300.00 persoas, das cales máis de 10.000 foron escolares que se acercaron ao parque con visitas guiadas, e que disfrutaron das diversas opcións que ofrece dita instalación, pistas deportivas, paseo fluvial pola ribeira do río Miño, zona arborada, recintos didácticos de fauna e flora, circuíto de seguridade vial, carril bici e servizo de aluguer de bicicletas, lagos, auditorio ao aire libre, zonas de xogo infantil e de adultos e zona de ximnasio para adultos, cunha convivencia harmónica entre natureza e ocio, onde todos podemos disfrutar e aprender do noso entorno, sobre todo os máis pequenos.

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 10:05
Nº Rexistro: 52854
Data envio: 19/10/2010 10:05:59.657

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

A Consellería anunciou que licitaría antes de final de ano os traballos para converter a illa nun centro de interrelación da natureza, polo que realizamos a seguinte pregunta:

Que proxecto concreto se vai a levar a cabo na illa Fillaboa?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Marta Valcárcel Gómez na data 19/10/2010 10:02:50

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 19/10/2010 10:02:59

Rosa Oubiña Solla na data 19/10/2010 10:03:04

José Fervenza Costas na data 19/10/2010 10:03:19

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:03
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 19/10/2010 13:03:25.843

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Ignacio López-Chaves Castro, José Fervenza Costas, Paula Prado del Río, María de la Soledad Piñeiro Martínez, Pedro Arias Veira, María Yolanda Díaz Lugilde, Natalia Barros Sánchez, Román Rodríguez González e Marta Valcárcel Gómez, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado día 17 de setembro o Conselleiro de Cultura anunciou unha serie de actos de carácter promocional, promovidos pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo en colaboración co Metropolitan Museum of Art of New York (MET). Os eventos forman parte dos primeiros pasos para a conmemoración do VIII Centenario da Consagración da Catedral Románica de Santiago de Compostela orientados á promoción do Camiño de Santiago, a Catedral e de Galicia como destino turístico.

O Museo Metropolitano de Arte de New York é un dos museos mais importantes do mundo. A súas colecciónns, formada por mais de dous millóns de obras de arte, abranguen cinco mil anos de cultura do mundo. O último ano fiscal foi visitado por mais de cinco millóns de persoas (5.240.000 visitantes). Entre as exposicións con maior éxito de público que celebrou ese ano hai que citar as que organizou sobre a obra mestra de Veermer A Leiteira, con 329.446 visitantes e sobre Picasso con 380.574 visitantes;

A presenza de Santiago de Compostela e a súa Catedral nas actividades deste Museo co motivo do Ano santo é un éxito da xestión da actual Consellería de Cultura pero supón tamén o acceso e promoción de Santiago de Compostela, dos Camiños e de Galicia nos Estados Unidos de Norteamérica e unha mostra do esforzo de internacionalización da cultura de Galicia que esta se está a executar dende o goberno da Xunta de Alberto Núñez Feijoo.

Polo exposto, os Deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:03
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 19/10/2010 13:03:25.843

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Que vai a supoñer para a promoción do Xacobeo esta presenza no Museo Metropolitano de Arte de New York?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010

Asinado dixitalmente por:

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 19/10/2010 13:01:53

José Fervenza Costas na data 19/10/2010 13:02:25

Paula Prado del Río na data 19/10/2010 13:02:30

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 19/10/2010 13:02:41

Pedro Manuel Arias Veira na data 19/10/2010 13:02:46

Yolanda Díaz Lugilde na data 19/10/2010 13:02:50

Natalia Barros Sánchez na data 19/10/2010 13:02:54

Román Rodríguez González na data 19/10/2010 13:02:57

Marta Valcárcel Gómez na data 19/10/2010 13:03:01

Pazo do Parlamento ♦ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ♦ Fax: 981 551 422 ♦ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:20
Nº Rexistro: 52879
Data envio: 19/10/2010 13:20:45.558

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, **Isabel Sánchez Montenegro** e **Henrique Viéitez Alonso**, deputadas e deputado do G.P. do BNG., ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás accións que vai levar adiante a Xunta de Galiza ante a situación da Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos da Mancomunidade de Concellos da Barbanza.

A Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza está integrada polos concellos de Pontecesures, Ames, Lousame, Brión, Noia, Muros, Porto do Son, Carnota e Rois, abarcando unha poboación global de 85.000 habitantes. Estes concellos decidiron establecer un sistema autónomo de recollida e tratamento dos seus RSU. Desde a posta en funcionamento da Planta coa que contan en Lousame, este sistema veu acadando uns excelentes resultados en relación coa xestión de residuos, demostrou ser máis barata que outras opcións que existen na Galiza e funcionou con total normalidade.

A consecuencia de impagos dalgúns dos concellos integrados na Mancomunidade, a Planta atravesa un momento delicado. Esta situación provocou que a empresa que xestiona esta planta, denunciara incumprimento de contrato e solicitara a rescisión do mesmo.

No futuro desta planta non é indiferente a actitude que adopte a Xunta de Galiza. As súas responsabilidades sitúanse tanto na colaboración coa mancomunidade para garantir a execución das retencións precisas aos concellos que incumpren, como á

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:20
Nº Rexistro: 52879
Data envio: 19/10/2010 13:20:45.558

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hora de negociar con Ecoembes os compromisos desta empresa coa planta de Lousame. A situación xerada provoca tamén incerteza sobre o futuro de 150 empregos directos desta planta, debendo implicarse a Xunta para garantir que non se destrúan.

Polo dito formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno:

Que actuacións vai levar adiante a Xunta de Galiza para garantir a viabilidade da Planta de Lousame?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Isabel Sánchez Montenegro
Henrique Viéitez Alonso
Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 19/10/2010 13:17:35

Isabel Sánchez Montenegro na data 19/10/2010 13:17:40

Henrique Viéitez Alonso na data 19/10/2010 13:17:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:28
Nº Rexistro: 52884
Data envio: 19/10/2010 13:28:49.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, relativa á creación da figura de Auxiliar de Conversación.

O Goberno galego participa no programa "Auxiliares de Conversa Ministerio de Educación-Consellaría de Educación da Comunidade de Galiza". Este programa enténdese como un programa de formación para as persoas seleccionadas como bolseiras para participar no mesmo. Asemade estas persoas realizaran función de lectores durante un mínimo de 12 horas semanais nos centros docentes onde realizan as súas prácticas. Como bolseiras que son, percibirán a cantidade de 700 euros en concepto de bolsa de estudios. Neste sentido: "la prestación de este servicio tienen como finalidad la formación continua de los auxiliares de conversación, mejorando su conocimiento de la lengua y cultura española, a través de la realización de prácticas de comunicación oral de Inglés con el alumnado del centro educativo asignado".

O responsábel máximo da Consellaría de Educación do Goberno galego informou mediante comunicación escrita, o 12 de xullo de 2010, ás persoas que foron seleccionadas para participar neste programa, que "su contenido versa sobre la enseñanza de la lengua inglesa a hablantes de español como lengua materna".

Ante a inconcreción da que este programa presenta, formúlase a seguinte pregunta:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 13:28
Nº Rexistro: 52884
Data envio: 19/10/2010 13:28:49.845

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O alumnado con lingua materna galega ficará fora do programa?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 19/10/2010 13:23:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52896
Data envio: 19/10/2010 14:10:03.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e **Carlos Aymerich Cano** deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A ratio necesaria para que se imparta dun ciclo de FP no rural galego aumentou de seis alumnos a oito no presente curso académico. Tal aumento de ratio é un aspecto moi negativo no marco do traballo a prol do reequilibrio territorial do país xa que implica que moitos mozos e mozas teñan que desprazarse para realizar os estudios que desexan. Incluso en centros como o IES de Curtis con nove alumnos matriculados no Ciclo Formativo de Instalacións Electrotécnicas non se consegue o permiso por parte da Consellaría de Educación para a sua impartición.

Os propios pais e nais do alumnado implicado nesta decisión do goberno galego, e logo da xuntanza co Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, teñen expresado o seu malestar tanto polo supresión do ciclo como pola trato recibido por parte dun membro do goberno que afirmou "que esta administración non está disposta a perder tempo nin cartos nestes individuos que ca súa traxectoria e os seus antecedentes non son aproveitables para a sociedade".

Ante esta situación tan grave formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 16:30
Nº Rexistro: 52896
Data envio: 19/10/2010 14:10:03.188

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno galego que entre as súas funcións executivas figura emitir un xuízo do valor sobre o aproveitamento social do alumnado matriculado en dito ciclo?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010

Asdo. **Carme Adán Villamarín**
Deputada do G.P. do BNG
Carlos Aymerich Cano
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 19/10/2010 14:03:24

María do Carme Adán Villamarín na data 19/10/2010 14:03:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 17:01
Nº Rexistro: 52904
Data envio: 19/10/2010 17:01:35.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao incumprimento dos compromisos sobre criterios de contratación de software do Goberno galego.

En xuño de 2009, os medios de comunicación daban conta da adxudicación dun contrato de licenzas de software para a Administración galega á compañía Microsoft Ireland Operations Limited por valor de máis de 2 millóns de euros a través dun procedemento sen publicidade.

O Grupo do BNG demandou do Goberno galego unha explicación polas dúbidas sobre a oportunidade de que unha adxudicación deste importe se puidera realizar a través dun procedemento sen publicidade. Pero sobre todo porque aquela adxudicación representaba unha contradición clara co programa electoral do Partido Popular e co propio discurso de investidura do Presidente en dous aspectos, na aposta pola austeridade e no compromiso co software libre.

En resposta a esta demanda, na liña de externalizar responsabilidades que caracteriza a política de comunicación do PP e o actual Goberno galego, o Conselleiro da Presidencia responsabilizou ao goberno anterior deste contrato e comprometeuse a utilizar o tempo de validez das licenzas para substituír o software privativo por software de estándares abertos e dentro do posíbel desenvolto en Galiza como aposta estratéxica polo desenvolvemento industrial do País.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 17:01
Nº Rexistro: 52904
Data envio: 19/10/2010 17:01:35.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe mesmo, aparece nos medios, a contratación de licenzas con Microsoft por 4 millóns de euros por parte do Goberno galego.

Esta contratación supón un incumprimento claro dos compromisos electorais do PP pero, tamén, dos compromisos feitos en sede parlamentar polo Conselleiro e a Secretaria xeral, e demostra que o seu discurso de apoio ao software libre e á industria galega de desenvolvemento de software é mentira.

Resulta especialmente escandaloso que se faga coincidir ca presentación do proxecto de lei de orzamentos para 2011 que propón unha redución de 1/3 do investimento en I+D do Goberno Galego.

Esta situación leva ao BNG a realizar a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cál é o motivo de que o Goberno galego contrate con Microsoft licenzas de uso de software por valor de 4 millóns de euros incumprindo os compromisos realizados de apoio ao software de estándares abertos?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2010.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2010 17:01
Nº Rexistro: 52904
Data envio: 19/10/2010 17:01:35.214

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 19/10/2010 16:59:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52916
Data envio: 19/10/2010 19:16:09.965

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura e José Tomé Roca, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Centro Souto de Leixa é un centro asistencial situado en Ferrol disposto a funcionar, unha vez a Xunta de Galicia remate dunha vez o proceso iniciado polo Goberno de Emilio Pérez Touriño na división entre a parte educativa e a parte asistencial, consecuencia dun acordo asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar. Este acordo pretendía facer do antigo "Centro Carmen Polo" de Ferrol cuxo nome foi cambiado por razóns obvias, un centro público de referencia en toda Galicia para a atención de adultos con diversidade funcional.

Este Centro na actualidade segue sen completar o proceso de división, a pesares de ter deixado o anterior Goberno da Xunta de Galicia case todos os trámites rematados. Esta situación está a orixinar profundas confusións nas familias dos usuarios e usuarias do Centro. O centro atende a diario 170 maiores de 21 anos afectados con algunha discapacidade e a outros 35 menores nunhas instalacións cun cadro de persoal de 120 traballadores e traballadoras, un cadro de persoal que pretendía incrementarse en función das novas necesidades da división.

A intención do anterior Goberno así como da corporación ferrolá de converter este Centro nun Centro público de referencia, garantindo unha xestión pública como a levada ata agora, atópase unha vez máis cos atrancos privatizadores do Goberno Feijóo disposto a aniquilar as políticas públicas sociais. Así, os traballadores e traballadoras denunciaban a intención do Goberno galego de privatizar ese Centro. Toda vez que esa suposta intención choca contra a eficacia e a calidade do servizo público, contra a vontade do Goberno e a corporación ferrolá acordada nunha moción plenaria que se aprobaba por unanimidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 09:30
Nº Rexistro: 52916
Data envio: 19/10/2010 19:16:09.965

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

En virtude do exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o modelo de xestión escollido polo actual Goberno galego para o centro Souto de Leixa?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2010

Asdo.: Beatriz Sestayo Doce
Carmen Acuña do Campo
Modesto Pose Mesura
José Tomé Roca
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 19/10/2010 19:10:25

María Carmen Acuña Docampo na data 19/10/2010 19:10:30

Modesto Pose Mesura na data 19/10/2010 19:10:37

José Tomé Roca na data 19/10/2010 19:10:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2010 16:59
Nº Rexistro: 52956
Data envio: 20/10/2010 16:59:44.926

Grupo Parlamentario
Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Emma Alvarez Chao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

A superficie do monte en Galicia ocupa da orde de dous millóns de hectáreas, das cales 2/3 son de propiedade privada.

A presencia de gando solto no monte galego sen autorización dos donos forma parte da idiosincrasia do noso país, sendo frecuente que invadan calzadas chegando incluso a provocar accidentes e tamén as queixas dos donos de terreos agrícolas pretos ao monte, polos danos que ocasionan estes animais nas súas colleitas.

De acordo coa lei básica de montes o pastoreo é un aproveitamento forestal que é do propietario do monte.

En relación a este asunto, a deputada asinante, formula a seguinte pregunta:

¿Que medidas está a promover a Consellería do Medio Rural a fin de regular o aproveitamento do monte para pasto?

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2010

Asinado dixitalmente por:

María Emma Álvarez Chao na data 20/10/2010 14:30:08

Pazo do Parlamento ◆ Rúa do Hórreo, s/n
Telf.: 981 551 510 ◆ Fax: 981 551 422 ◆ e-mail: gp-pp@parlamentodegalicia.es
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:13
Nº Rexistro: 52972
Data envio: 21/10/2010 11:13:13.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e **Fernando Xabier Blanco Álvarez** deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta con resposta oral en Pleno**, dirixida ao Goberno Galego sobre **a situación na que quedan as persoas traballadoras afectadas pola fusión das caixas galegas.**

Dentro do proceso de fusión das caixas galegas, a representación das dúas entidades e parte da representación sindical teñen chegado a un acordo que define as medidas de reorganización e o marco laboral aplicábel como consecuencia de dito proceso. Dentro deste acordo recoñecen "a necesidade de reestruturar o plantel resultante" e, tamén, que as medidas recollidas no acordo "produciran extincións contractuais", chegando a afirmar que o primeiro e fundamental ámbito da negociación é "as medidas de reestruturación do plantel".

Este acordo tamén recoñece que o resultado dé solución ordenada ao excedente do plantel definido no citado plan esta comprendido entre as 1.180 e as 1.230 persoas. En definitiva, un custe social demasiado alto e que non esta xustificado en función do papel que xogaron as anteriores caixas e que debe seguir xogando a caixa resultante da fusión como é a de converterse nunha poderosa ferramenta financeira que acompañe ás políticas de apoio ao desenvolvemento económico da Galiza e ás familias, no camiño da recuperación e creación de emprego. Neste aspecto destacar que a decisión de deslocalizar investimentos e, sobre todo, externalizar procesos trasladándoos fora da Galiza non concordo cos postulados anteriores, polo que o Parlamento e o Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 11:13
Nº Rexistro: 52972
Data envio: 21/10/2010 11:13:13.408

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego non poden quedar á marxe das consecuencias finais, neste caso, a destrución de emprego cuantificado en 1.200 postos de traballo.

Son estas as razóns polas que nos obriga ao grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte **pregunta con resposta oral en Pleno**:

Cal foi o informe emitido polo Goberno galego sobre o impacto derivado da fusión das caixas galegas no emprego directo?.

En Compostela, 20 de Outubro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**
Fernando Blanco Alvarez
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 21/10/2010 11:03:51

Fernando Xabier Blanco Álvarez na data 21/10/2010 11:03:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2010 13:02
Nº Rexistro: 52981
Data envio: 21/10/2010 13:02:25.396

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo informacións aparecidas hoxe na prensa, a Consellaría de Educación homologou as "VI Xornadas de Convivencia Escolar" organizadas por ANPE, en Ourense, os días 22 e 23 de outubro e que están patrocinadas pola Deputación Provincial de Ourense, como formación do profesorado. En dita información recollese o seguinte programa: unha misa na catedral de Ourense (1 hora), unha foto de homenaxe (media hora) e un banquete. Alberto Núñez Feijoo impartirá unha lección maxistral (40 minutos), Jesús Vázquez Abad a "laudatio" ao homenaxeado (41 minutos) e o Presidente da Deputación, J. Luís Baltar, a clausura (20 minutos). Entendemos que tanto a lección maxistral de Núñez Feijoo sobre a Convivencia escolar como a "laudatio" do Conselleiro poidan ter un interese grande no ámbito educativo, mais o programa semella non cumprir os requisitos da Orde de 1 de marzo de 2007 para a homologación das actividades de formación.

En tanto, compre lembrar que os movementos de renovación pedagóxica de Galiza, que viñan realizando accións de formación e anovación pedagóxica desde fai máis de vinte anos, na actualidade non reciben ningún tipo de axuda por parte da Consellaría de Educación para as súas actividades.
